

FRANCISCO AÑÓN PAZ

POESÍAS GALEGAS



PUBLICACIÓS DA REAL ACADEMIA GALLEGA


A CRUÑA

1966

EDICIÓN FACSIMILAR

47252

Depo da Gruta.
Biblioteca
22-10-12.



Poesías galegas

de

Francisco Añón Paz

Edición facsimilar



R 49431



Poesías galegas

de

Francisco Añón Paz

Desta edición facsimilar editada polo Concello de Outes coa colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña e da Real Academia Galega editáronse 2.500 exemplares.

1ª edición, 1966

2ª edición, 2012

© Concello de Outes

ISBN: 978-84-9812-182-7

Depósito Legal: C1597-2012



Concello de
Outes



DEPUTACION
DA CORUÑA



O II de maio de 1966 a Real Academia Galega convocou Encuentro Adón, e cun el a todos os concellos do Ourense, Lugo, La Coruña, Pontevedra e Ourense, unido que se celebraba a gran festa de toda Galicia, o mesmo Encuentro Adón. Entre ca el libro Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense.

Neste contexto a RAG propoñe a publicación do Poeta de Ourense de Adón, volume que cubre desde a Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense.

Vista complementaria este libro para facer un volume de Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense.

Agora, naba vez máis, a RAG propoñe a publicación do Poeta de Ourense de Adón, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense, e vel nos Antología de Poetas de Ourense, La Coruña, Pontevedra e Ourense.

Carlos L. Gueiro
Conde de Ourense

Esta edición ha sido editada por el Consejo de Oútes con colaboración
de la Excmo. Deputación Provincial de Coruña e da Real Academia
Galega de Letras con 2.500 exemplares.

1ª edición, 1956.

2ª edición, 2012.

© Consejo de Oútes

ISBN 978-84-9613-183-7

Deposito Legal: C1397-2012



Consejo de Oútes



O 17 de maio de 1966 a Real Academia Galega honraba a Francisco Añón, e con el a todos os outenses, co Día das Letras Galegas. Era aínda o cuarto ano que se celebraba a gran festa da nosa lingua e da nosa literatura. Antes ca el foran homenaxeados Rosalía de Castro, Afonso Daniel Rodríguez Castelao e Eduardo Pondal, o cal nos dá perspectiva do mérito que xa lle atribuíron daquela os académicos ao ilustre veciño de Boel.

Neste contexto a RAG preparou a publicación das *Poesías Galegas* de Añón, volume que volvía poñer a disposición do pobo galego un dos seus poetas máis xenuínos e distinguidos, dándolle voz a través dos textos que escribira na lingua materna e dándolle vida nos breves ensaios que se ocuparan del ata a data. Nunha nota inicial e mais no colofón dáse conta do patrocinio do Concello de Outes, en nome de toda a veciñanza, que fixo posible a edición.

Viña complementar este libro perfectamente a emblemática estatua erixida na memoria do vate, que foi inaugurada aquel mesmo 17 de maio de 1966, durante os actos solemnes nos que interviñeron, entre outros, Sebastián Martínez Risco e mais Ramón Otero Pedrayo. O pobo outense demostraba unha vez máis o apego ao seu poeta. Na creación do monumento fora fundamental a iniciativa da Unión de Residentes de Outes en Buenos Aires, e o tecido asociativo segue a manter boa parte do potencial cultural deste concello, como se vén demostrando nas diversas actividades levadas a cabo para conmemorar este Ano de Añón, do que agardamos grandes froitos.

Agora, unha vez máis, o Concello de Outes, e en definitiva a súa veciñanza, volve congratularse pola estreita colaboración coa Real Academia Galega á hora de traballar con ardencia na posta en valor da nosa cultura. Sirva pois esta edición facsimilar como mostra inequívoca da común estima polo glorioso Poeta Añón.

Carlos L. Crespo

Alcalde de Outes

O 17 de maio de 1966 a Real Academia Galega honrou a Francisco Aboín e con el a todos os outros, co Día das Letras Galegas. Escámbios cunha moza que se celebraba a gran festa da nosa lingua e da nosa literatura. Antes ca el teñan honras os Rosalía de Castro, Alonso Daniel Rodríguez Castelao e Eduardo Pondal, o cal nos dá perspectiva do tanto que en la inclusión despois os académicos no Día das Letras Galegas.

Neste contexto a RAG prepara a publicación das Letras Galegas de Aboín, volume que volta a poñer a disposición do pobo galego un dos seus poetas máis xerais e distinguidos, dándolle voz a través dos textos que escribiu en lingua materna e dándolle vida nos breves ensaios que se ocupan del ata a data. Nanda nos iniciais e mais na colación das follas do proximo do Consello de Galiza, en nome de toda a sociedade, que lizo posible a edición.

Vida complementaria esta libro perfectamente a emblemática estampa editada en memoria do día, que foi inaugurada aquel mesmo 17 de maio de 1966, durante os anos seguintes nos que intervieron, entre outros, Sebastián Martínez Risco e mais Ramón Otero Pedraye. O pobo ourensán demostraba unha vez máis o aprezo ao seu poeta. Na creación do movemento foi fundamental a iniciativa da Unión de Escritores de Galiza en Buenos Aires, e o feito asociativo segue a manter boa parte do potencial cultural deste concello, como se vén demostrando nas diversas actividades levadas a cabo para conmemorar este Ano de Aboín, do que esperamos grandes frutos.

Agora, unha vez máis, o Consello de Galiza, e en definitiva a sociedade, volve coñecer polo escritor colaborador coa Real Academia Galega a parte do traballo que realizou na poesía en valor da nosa cultura. Sívase pois esta edición facerlles como mostra de apoio e de coñecemento polo glorioso poeta Aboín.

Consello de Galiza
Aboín de Galiza

A Real Academia Galega celebra con entusiasmo a reedición das poesías galegas de Francisco Añón. O concello de Outes demostra o seu patriotismo e a súa sensibilidade cultural ao poñer en marcha unha iniciativa tan importante como é o Ano de Añón.

As poesías que nos legou Francisco Añón son fermosas e, nalgún intre, amosan os perfís máis raros e iridescentes do Romanticismo europeo tal e como este ecoou en Galicia de xeito temperán. O seu pulo creativo estivo sempre unido ás potencias revolucionarias do século e o seu corazón soubo render as armas da racionalidade no altar laico de Galicia. A liberdade, que guía o pobo, foi a súa deusa, toucada co capelo frixio sempre. Os costumes e as tradicións nacionais nunca permitiran que o xacobinismo mal entendido o pervertese coa negación do que lle era maternal e propio.

Curros Enríquez acertou plenamente ao escoller a figura de Añón como guía do poeta narrador n'*O Divino Sainete*, do mesmo xeito co que o Dante chamara por Virxilio para lle servir de práctico nas viaxes da *Divina Comedia*.

A grandeza, a mornura e proximidade de Añón, a súa vixencia e contemporaneidade básica, fanse evidentes na lectura deste monllo de poemas que hoxe volven saír a lume da man dos amigos e das autoridades de Outes.

Xosé Luís Méndez Ferrín

Presidente da Real Academia Galega

A Real Academia Galega celebra con entusiasmo a creación dos poetas gallegos de Francisco Añón. O consello de Ourense denomina o seu patrimonio a súa sensibilidade cultural ao poder coa súa lingua unha realidade tan importante como é o Añón de Añón.

As poetas que nos legou Francisco Añón son fermosas e ningún poeta amou os poetas mais raras e lindas do Romantismo europeo tal é como este ocorreu en Galicia de certo tempo. O seu falo creativo sempre sempre tivo as potencias revolucionarias do século e seu espírito sempre tivo as armas da racionalidade no alar laico de Galicia. A liberdade que era o pobo, foi a súa alma, tocada co capelo fíxido sempre. Os costumes e as tradicións nacionais nunca perdimos que o xacobino mal entendido o parvices coa negación do que lle era nacional e propio.

Como Enriquez acorreu plenamente ao escoller a figura de Añón como guía do poeta galego n'O Divino Galaxia, do mesmo xeito co que o Dante chinés por Virxilio para lle servir de guía nas viaxes de Dante Comedia.

A grandeza, a manzanas é proximidade de Añón, a súa vivencia e contemporaneidade básica, fíxese evidente na lectura deste modelo de poemas que hoxe volverán a súa man dos amigos e das autoridades de Ourense.

Real Academia Galega
Francisco de Real Academia Galega

FRANCISCO AÑÓN YAR

POESÍAS GALEGAS



PUBLICACIÓN DE REAL ACADEMIA GALEGA

A OUBA .

1982



FRANCISCO AÑÓN PAZ

POESÍAS GALEGAS



PUBLICACIÓS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1966

FRANCISCO AÑÓN FAX

POESÍAS GALEGAS



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CRUÑA

Depósito legal: C-71-1966

Imprenta i Editorial MORET - Galera, 48 - A Cruña

NOTA DA REAL ACADEMIA GALLEGA

O acordo da Real Academia Gallega, no dia de yesterday, com o Sr. FRANCISCO ANTON PÉREZ, de...


No dia de yesterday, a Real Academia Gallega, com o Sr. FRANCISCO ANTON PÉREZ, de...



Francisco Anón Pérez

El tal Sr. Anón Pérez, ha sido nombrado por el Sr. Presidente de la Real Academia Gallega, para ocupar el cargo de...

Debe, pues, a esta Real Academia Gallega, el Sr. Anón Pérez, el honor de haber sido nombrado para ocupar el cargo de...



NOTA DA REAL ACADEMIA GALLEGA

O acordo de poñer en órbita arredor do mundo cultural galego, no día da festividade literaria anual de Galicia, o recordo do poeta FRANCISCO AÑÓN PAZ, tén unha ditosa secuencia na publicación deste libro, acolledor da súa máis característica obra poética e dos estudos máis sinificativos encol dela e da vida do autor.

No Día das Letras Galegas tiña de ter un posto de renacencia na lembranza o nome de aquil que puxo a súa pruma ó servizo do renacer da nosa literatura: o nome de FRANCISCO AÑÓN. Mais non abondaba con elo. Ise sentimento evocador debía abranguer tamén o froito do seu estro.

Madurecidos ámbol-os dous propósitos no seo da REAL ACADEMIA GALLEGA, viñeron a coincidir os traballos da súa execución con outro propósito, tan afervoadado como xeneroso, abrigado polo honorable Concello de Outes, de erixir un moimento perpetuador da memoria do esgrevio poeta de Boel. Conxugados uns e outro, foi xa empresa doada engadir á conmemoración escultórica da súa figura o ecoar da súa voz poética, que tan fonda e amorosamente falou pola nosa terra; resucitalo no tempo presente **en corpo e alma**.

E foi empresa doada porque o Concello outesán, estremando co asenso de todol-os seus veciños a xenerosidade e o fervor polos valores da cultura, respondeu á iniciativa académica prestando a axuda necesaria pra facer posibre a presente edición.

Debe, pois, a REAL ACADEMIA GALLEGA deixar eiquí exprícita constancia de actitude tan levantada que, favorecendo a vida espritoal do país, acada transcendencia de exempro dino de imitanza; felicitar por ela ó cultísimo Concello de Outes, e facerlle presente a máis viva gratitude da Corporación.

[The page contains extremely faint, illegible text, likely bleed-through from the reverse side of the document. No specific content can be transcribed.]

L I M I A R

Francisco Añón Paz, o bardo de Boel, aquil que un día foi petrucio venerado das Letras Galegas, estános a pedir, dende o recanto escuro de seu esquencimento, o don dunha lembranza. Non recrama cousa que en xusticia lle non perteneza. Un recordo, sí, pero tamén unha meirande estima pola sua obra lírica e —compre sinalalo— pola sua rexa figura humán. Añón foi un home sinxelo, puro e rebelde —¡ai da rebeldía dos sinxelos!— e, como tal, con maina rexedume, vindica o que é seu. Temos a obriga de escoitar a sua voz.

A voz do home i a voz do poeta. O home sin acougo, que paseó polo mundo, como ningún outro galego do seu tempo, os degaros da terra emprobecida, pedindo pra ela amparo e libertade. O poeta polimorfo que, por aquilo mesmo de ser home sin acougo, somentes puido leixarnos, en súpetas pinceladas, o perfil do seu estro. A carón da Rosalía intimista, do Pondal arroutado, do Curros social, do Pintos Villar popularizante, está iste Añón diverso e disperso, que tentóu termar das catro cordas na sua lira ben temperada, sin se abandoar aos falagos dunha soia delas. Perdeu eisí en profundidade o que gañóu en ampritude. Porque —compre repetilo— o home traspoleirado, anduriñante, azaroso, arrastraba ao poeta, que ora sentía os engados inxeles da paisaxe lírica, ora os arroutos da rebeldía, ora as aguilladas do humor étnico, ora os feitizos da chamada popular. Non era home il pra cair na rateira do xénero, adoito como estaba a se zafar das rateiras dos esbirros. Andivo polo mundo do mesmo xeito que pola poesía: sin pousada, sin sosego, sin fartura. Nin tan siquera leixóu obra abondosa, porque tampouco o home abondara de nada, como non for a chama acesa dos seus amores.

Afastado primeiro da carreira ecresiástica, divorciado dempóis da do Dereito, liscado logo a Portugal, escorrentado outrosí do país

hirmán, peleriño pola Francia i a Italia, sempre sin un mester asegurado, a obra lírica de Añón é, propiamente, a resultante cabal de un camiñar ás toas, polo mundo e pola vida. Amante afervoadado e fidel da súa terra, cási que non puido morar nela dende o intre do seu primeiro desterro, cando os anceios dunha Galicia nova desgallárono dela. Vivía mergullado na lembranza, co degaro firente do retorno entoñado no peito, e aínda mesmo non degoiraba a Groria, a pas de El Señor, sin denantes pasar polo chan querido.

Non puido conseguilo. Era o seu destiño non acadar xamais os bés que arelaba. Nin aquil, tan pequeneiro, de tornar na súa vellés a Arcadia nativa, ao recuncho aldeán de Boel, e parolar ao solciño morno dun calmo outono, baixo a parreira da casa petrucial, cos veciños que noutrora foran mozos como il. O mínimo anxeio horacián, que o poeta arelaba por soio unhas intres, non lle foi concedido. E tiña que cramar, con punxente mágoa:

Nos teus recordos vivo, Galicia idolatrada...

Niste verso, sin que precisemos afondar máis, descóbrese xa a anguria femente do home i o poeta que foi Francisco Añón Paz. Diante outras figuras sonadas do seu tempo, o binomio home-artista que nil latexa agarda a man cariñenta que esculque, ata o cerne, ista singular figura galega. E xa adiantamos que non será cousa doada entoñarse no fondal daquil ser sinxelo e rebelde, irónico e baril, lírico e bulreiro, que andivo polo mundo coa testa ben ergueita i o corazón sempre apreixado nas mans tenras e crudeles da diviña Saudade.

Gardamos nós, como reliquias, algunhas cartas de Añón —que calqueira día han ver a lus— e tamén orixinales dos seus poemas, en galego, en portugués i en castelán. Escritos a lápiz, ás veces en anaquiños de papel, semellan como furtados con presa ás angueiras do tempo, ás marchas forzadas do seu vivir. Pero non se pense que non haxa tamén sinales de un mimado e vagoroso retoque; algunhas das suas pezas maxistrales pasaron por un proceso de cariñenta revisión. Nos intres de lecer, o poeta compraciábase en correxir a obra, en percura da perfección formal. Algún distes papeles, marelos xa, esvaídos os trazos do lápiz, revelan que o poeta os levóu moito tempo no peto, como amados compañeiros de viaxe.

Temos a sospeita de que Añón escribiu tamén en francés e cicáis en italián. Sabía o latín adeprendido no Seminario, e foi mestre de

línguas en Sevilla e máis en Madrid. Era un homanista de corpo enteiro, que adprendeu na vida outras millenta leccións, e, non embargantes, nunca fixo alardo dos seus saberes, anque sí dos seus sentires. Sinxelo e rebelde, viviu unha vida íntima, fonda, silandeira, aquecida pola espranza de un mundo libre, dunha Galicia ricaz e culta. Ben sabía que os tempos non tiñan chegado, pero, igoal que os bardos, quería anunciarlos. Tiña o dereito —isto, sí, ben o sabía él— de soñar. Ás veces, tornaba aos recordos da infancia, e xurdía na sua pena aquila égloga ledizosa, sin parellas aínda na lírica galega. Noutras, alporizábase todo, e compuña —en Lisboa foi, e na fala amiga— as estrofas bariles do **Himno dos povos**, que lle custarían o seu segundo desterro. Por vegadas agromaba no seu peito a toxeira do escarño —xa se sabe, o ouro das froliñas marelas a carón dos firentes pinchos— e creaba aquilas áxiles sátiras dos seus epigramas, como faíscas queimantes. Por veces, a terra ensoñada e lonxana aparecíalle dediante dos ollos, que esbagoaban en neboentas evocacións. Ista múltiple vertente da sua inspiración é a que nós temos de valorar, colocando sempre no telón de fondo do seu drama aquil contino vagamundeo do poeta, sin patria, sin fogar e sin familia. Pero, por iso mesmo, coa Patria arreo afincada no peito, co fogar sempre lembrado, coa familia procurada aeito no circo dos parentes e dos fideles amigos.

Aló en Madrid, nos seus derradeiros anos, gasallóuno por algún tempo o agarimo dos admiradores, que se polarizaron encol do entusiasmo romántico de Vesteiro Torres. Era daquela cando o bardo de Boel máis sospiraba por tornar unha tempá aos eidos nativos. A vida, outravolta, foille coutar as azas da ilusión. Caíu no hospital e, confiando xa en que o seu espírito cedo enxergaría o chan querido, escribiu nun papel, con man tremante, o seo derradeiro escarño, aquila vez endereitado a sí mesmo, coma os herois vencidos que se cravan no peito a daga mortal:


**Fraco coma un asubío,
con tres enemigos loito:
enfermedá, fame, e frío...**

Non o leixemos nós agora, ao vello Añón, en tanta probeza e desamparo. Arrinquemos a sua obra e máis a sua vida, que tamén o merez, do esquencimento. Escoitemos a sua voz querendosa, cando ben pouca cousa pide de nós.

A Real Academia Galega emprincipia hoxe, coa presente publicación, a tarefa de revalorizar a figura de Francisco Añón. O bardo de Boel, si vos fixades ben, está xa a sorrir na face dun dos vellos músicos que animan as arquivoltas do Pórtico compostelán:

**Mesmo entrar non quixera na Groria
sin primeiro pasar por ahí...**

XOSÉ M.^a ALVAREZ BLÁZQUEZ



RETRATO DE AÑÓN, NA SÚA MOCIDADE .

Este retrato foi publicado na obra "A História do Brasil" de João de Barros, e é uma das poucas imagens que nos restam da juventude de Añón. A obra de Barros é uma das mais importantes da literatura portuguesa do século XVI, e é considerada uma das fontes mais importantes para o conhecimento da história do Brasil.

A Real Academia de Ciências de Lisboa, em sessão pública, a 10 de Junho de 1910, leu e discutiu a obra de Francisco de Sá e Novais, O Brasil de Sá, de Sá e Novais, e a obra de Sá e Novais, O Brasil de Sá e Novais.



ESTADO DE SAO PAULO, 10 DE JUNHO DE 1910

POESÍAS GALEGAS (1)

(1) Na presente edición respetouse a ortografía do autor, excepto as letras *g* —antes de *e* e *i*— e *j* que foron substituídas por *x*, seguindo —no emprego d'este fonema— a práctica adoptada pol-a cuase totalidade dos escritores galegos contemporáneos.—NOTA DA R. A. G.

POESIAS GALLEGAS (2)

1871. The volume is a reprint of the original edition of 1871, and is a fine copy. It is a very rare book, and is highly valued by collectors. The text is in Gallego, and is a beautiful example of the language. The book is in good condition, and is a fine addition to any collection of Gallego literature.

JUEGOS FLORALES

Chegou à miña noticia
Que hay tamén xogos florales
Como n'outras capitales,
N'a capital de Galicia.
Hacha n'esto un-a delicia
O pöeta aventureiro
Que a esas festas vay lixeiro
Como às flores as abellas
Por adorna-l'as gadellas
C'un ramallo de loureiro.

N'os recordos d'o pasado
Seus pensamentos abisma,
Mirando por outro prisma
O mundo metalizado:
Á beira d'o mar sentado,
Cando brúa e ferve en ira
Ou cando brando suspira,
Ruxir sente n'a memoria
Sublimes cantos de gloria,
Que Dios dend'o Ceo lle inspira.

Eu, que ende mal, m'arredey
D'esos mares e riveiras,
D'esos soutos e pradeiras,
En que alegre rebuldey,
A Galicia cantarey
Cheo d'amor e d'orgullo:
D'entusiasmo xa esbaggullo;
Non teño papel a man,
E estes versíños, n'o chan
Escribo c'un garabullo.

A GALICIA

Airiños d'a miña terra,
Airriños, airriños, aires,
Airriños, levám'á ela.

BALADA.

¡Ay!, esperta adourada Galicia,
D'ese sono en q'estás debruzada;
D'o teu rico porvir a alborada
Po-l'o Ceo enxergándose vay.

Xa cantando os teus fillos te chaman
E c'os brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados!, o q'eles cobizan
É un bico d'os labios d'a Nay.

D'ese chan venturoso arrincado
Po-l'a man d'o meu negro destino,
Hastra mesmo soñando maxino
Eses campos risonos cruzar.

E correr po-l'as hortas e prados,
Onde leda pasóu miña infancia,
Respirando a süave fragancia
De xazmín, caravel, azahar.

Coido ver esas rías serenas,
Escumando con barcos veleiros,
E cantares oír feiticeiros,
Q'en ningures tan doces oín.

Inda creo sentir as labercas,
Que pineiran n'os aires cantando,
Cand'o sol vay as nubes pintando
D'amarelo, de lume e carmín.

Ó través d'aguzados penedos
Penso ver empinados petoutos,
Viñas, hortas, devesas e soutos,
Q'apouvigan os ventos d'o Sul.

E saltando regueiros e valos,
Cata xa outros bós horizontes,
Outras veigas, mariñas e montes,
Que se perden n'a brétema azul.

Soño ahí q'entre verdes pereiras
Fouliadas alegres escoito,
Cand'o Ceo se reviste de loito
N'as pöéticas noites d'o bran.

E q'en medio de nenas garridas
Canta un mozo con voz pracenteira,
Para o lado tumbada a monteira,
Un-a orella tapando c'a man.

Eu soñey ver n'a cume d'o Pindo,
Adornados de mirto e loureiros,
Escritores, pöetas, guerreiros,
Que sorrindo se daban a man.

Eran eses os fillos máis caros,
Que d'a Patria aumentaron a gloria:
Os seus nomes n'os fastos d'a historia
Con diamante grabados serán.

E dimpóis un-a endrómena rara
Vin moverse con agoa fervente,
E silbando com'un-a serpente,
Como un lóstrego os campos cruzóu.

Era aquel o porvir que xa soa,
E d'as probes aldeas fay vilas...
Adiós cantos e Musas tranquilas,
O imperio d'a industria empezóu.

Acordey... O meu soño dourado,
Como fume pasóu de repente,
E magoado o meu peito se sente
De soidades e amor palpitar.

Marmurey —¡adourada Galicia!...
(E d'os ollos chovíanme as bagoas)
¡Quén pudera beber túas agoas,
E teus aires feliz respirar!!!

De ti lonxe, querido curruncho,
Eu mirrándome estóu d'amargura,
Como a froita que vay xa madura,
E entre silvas o vento guindóu.

¡Teño envidia d'a libre andoriña,
Q'ahí chega por todo-l'os mayos!...
¡Teño envidia d'as nubes e rayos,
Q'o Sudeste a esas terras levóu!...

A ti voa entre ardentes suspiros,
Sobre as trémulas alas d'o vento,
A soidade d'o meu pensamento,
Que decote cravado está en ti.

Por diversos países q'eu vaya,
Ti serás miña doce memoria...
¡Mesmo entrar non quixera n'a gloria,
Sin primeiro pasar por ahí!!!

Ó MEU AMIGO ANTÓN M.^a D'A IGLESIA

É CAL CHO DIGO

Mil gracias, querido Antón,
Po-l'as frases lisonxeiras
Con que alabas e empoleiras
A miña composición.

Sáidas d'o corazón
E sin pretensións mezquiñas
Ceibey ò aire esas liñas,
Que o fado d'os trovadores
Decote é sementar flores
Para arrecadar espiñas.

Coido que un-a flor de lis
Era o premio que debía
Darse à mellor poesía
Dedicada a ese país.

Estivo casi n'un tris
Que m'a desen...; foy millor:
Tembrando inda estou d'horror
Que Galicia —¡mal pocada!—
Quedaría desflorada
Se a alguén lle der esa flor...

Ademáis flor tan modesta
Mandar lonxe é pouco grato;
Se viña por maragato
Podía comerlla a besta..

Para que a desgracia esta
Non pasase n'o camiño,
Que foy prudente adiviño
Deixala n'eses herbales
Onde sobran animais
Que lle finquen o fuciño.

RECORDOS D'A INFANCIA

É G L O G A

Sobre las rústicas flores
Sentado orillas del Miño,
Un pastor a otros pastores
Les contaba sus amores,
Y estos recuerdos de niño.

Inda m'acordo cal se fora honte
Cand'eu era pequeno,
Saltón, vizoso, atravesado neno,
Ibame c'as ovellas po-l'o monte,
Á par d'un-a garrida compañeira,
Alegre, falangueira,
Tan pura como as aguas d'esta fonte.
Lindo, espigado corpo, donairoso,
D'estreito van donoso,
Divinos ollos de mirar sereno,
Pè curto, longo pelo, a súa cara
Era a d'un ánxel de lindura rara.

Ledos cantando, parolando ou rindo,
Con preguiceiro paso
Po-l'os outeiros íbamos subindo,
Escorrentando acaso
As labercas que voan trembadoras
Pineirando n'os aires cantadoras.

Con qué solaz facía varios ramos
De froliñas d'o monte para Anxela
(Este era o nome d'ela)
N'a branca testa púñallas en roda.
¡Oy!, era un gusto máis graciosa vela
Que un-a novia n'o día d'a súa boda:
¿Non vistes a anduriña,
Que en mil confusas voltas po-l'o aire

Cantando remohiña
Formando caprichosos laberintos?
Inda con máis donaire
Corría a miña nena
Po-l'a pradeira amena
Para coller os rústicos xacintos
Melosas madreseivas, amapolas,
Campaíñas, pampillos, dedaleiras
N'os arrós, entr'o pan, ou n'as silveiras,
E d'os castaños esgazando as polas;
Abranguía aromáticos cencenos.
Con todas estas flores
Tecíamos lindísimas guirnaldas
Á beira d'os riachos máis serenos,
Ou d'un outeiro n'as amenas fraldas,
Para croar as nosas loucas testas,
Q'os inocentes nenos
Xa ambicionan ser reis desde pequenos.

¡Mal pocadiña!, un día
Iba apañando as recedentes flores
Con plácida alegría,
Suspirando un-a cántiga d'amores,
Que continuar non pudo.
Un ay dorido, penetrante, agudo,
Chegou a meu oído.
Corrín a ver qué tiña acontecido,
Estaba a linda nena
En bagullas bañada,
Com'a rosa n'orballo d'a alborada,
Que me partía o corazón de pena.

Un-a maldita abella
Chantara a súa punta venenosa
N'os doces labios de color vermella,
Coidando acaso qu'era algun-a rosa:
Por eso lastimosa
Xeme, suspira, chora
A miña amada anxelical pastora.

Trato d'acalantala
Con mil cariños e consellos sabios,
E para consola-la
Xuntey os meus a aqueles virxes labios

E tiréille o ferrete pesoyento...
Trocóuse o noso alento
N'un longo, doce, divinal suspiro
Que grabado inda está n'o pensamento.
En tan fatal momento
Amor a entrambos nos firéu d'un tiro
E pasóu o dolor d'a picadura;
A picada d'amor inda hoxe dura.

Dend'a pasaxe aquela
En ningures me hachaba ben sin ela,
E enredando decote corriamos
Po-l'a pradeira toda à nosa anchura,
Porque as ovellas, cando queriamos,
N'o medio d'a espesura
Deixabámolas soas
Depinicando os gomos d'as queiroas.

Se algún regueiro hachábamos d'atranco
E derguía o meu ben as súas nagueas
Para botar às augas
O seu fidalgo pè cal neve branco,
Entonces, ¡miña xoya!
Non marra d'Anxeliña quen se doya.
Pillába-a n'os meus brazos,
Guindando à outra banda c'os zapatos
E entre doces abrazos,
Como a hedra s'enreda a un tronco forte
Pasabamos, e d'esta mesma sorte
Por entre toxos e bravíos matos.

E se quizáis d'un fresco río à beira
Baixabamos a xunt'a os máis rapaces,
Aquelo era un-a feira;
Argallando e brincando n'a pradeira
Como bravos cabirtos montaraces.

De carballo un-a pola retorcida,
En dous gallos n'o medio dividida,
Servíanos alí de randeeira,
Para os calores refrescar d'o estío,
Arrandeando n'ela.
Xogávamos ò trompo ou à estornela,
Mentras outros patuxan po-l'o río,
Para pilla-l'as troitas.

Outros a reboladas,
Por non poder c'as mans, os enemigos,
Estragaban as árbores e froitas,
Aínda non logradas.

Chacina, leite, noces, mazáns, figos,
E puchas cuguladas
De cereixas ou doces cirigüelas,
Sendo n'o tempo d'elas,
Era o noso festín n'o campo brando,
Mentres à sombra se deitaba o gando.

Ibamos por devesas e silveiras,
Moras buscando e niños
De merlos, estorniños,
Rulas, vichelo-cregos, carniceiras
E dábamos às nosas compañeiras
Os ternos paxariños,
Que metían n'o seyo palpitante,
Para darlles calor algún instante,
Mentras de rama en rama,
Revoando con chíó penetrante,
A triste nay òs seus filliños chama.
¡Ninguén se doy d'a coitadiña ave!...

¡Malpocadas meniñas!, ¡ay!, quén sabe,
Se d'ese mesmo xeito
Amor vos rouba o corazón d'o peito,
Para da-l'o tal vez a un falso amante,
Que con falsos cariños
Vo-l'o estrague, cal vos os paxariños!

Andábamos tamén às agachadas,
Á pita cega e outros varios xogos
De prendas, que xa esquezo,
En que non valen súplicas nin rogos,
Pero as nenas graciosas,
Risoñas como as fadas,
Nos puñan penitencias tan gustosas,
De tan doce embeleso,
Que sempre volvíamos po-l'o veso.

E n'as noites d'o bran ò libre vento,
N'o medio d'un-a eira,
Como a palma da man redonda, lisa,
Ou baixo as verdes follas d'a parreira,

En que xogaba a suspirante brisa,
Era de ver alegres fouliadas
Que d'oílas voaba o pensamento,
Como levado por celestes fadas.

O País venturoso d'os amores
Entre os abalos d'armoniosos cantos.
Así pasóu aquela edá d'encantos,
De xogos e de flores,
E d'inocentes plácidos amores,
Con tanta lixeireza e tal premura,
Cal lóstrego sutil que as nubes racha,
Cando un metido se hacha
En noite horrible de fatal negrura.

A GALICIA

De teus recordos vivo, ¡Galicia encantadora!
Por teus anacos morro, idolatrado chan,
Onde voou sorrindo d'a miña infancia a aurora,
Onde as máis caras prendas que o corazón adora,
O derradeiro sono en paz dormindo están!...

¡Ay!, eu tamén quixera dormir no teu regazo,
Cando fechando os ollos, dixer'a o mundo adiós!
Para contigo unirme en máis estreito lazo,
N'un empinado outeiro, n'un foxo on n'un ribazo,
Que son para quen morre todo-l'os sitios bos.

Pintar quixera agora en louniñeiro canto
Teus vales e montañas, teus ríos e teu mar;
Mais describir non podo tan feiticeiro encanto,
E as ourentes flores d'o teu precioso manto
Co'as miñas tristes bagoas poderíanse acrisar

¡Ay!, si alas eu tivese, traspondo o Guadarrama
E outras altas serras, cal rápido condor,
Iría ver, Galicia, teu rico panorama,
Teu verde chan florido, que os aires embalsama
E o natal corruncho d'o meu primeiro amor.

Vería d'esa altura teu mar d'azul e prata,
Que desde a nobre Asturias a o libre Portugal,
Po-l'a rachada costa bruando se dilata,
Vería o sacro Pindo e a grande catarata,
Que o Ézaro gomita d'un alto penedal.

D'o opulento Miño a deliciosa orela,
Esverdexando en viñas, que é un regalo ver,
As colosales torres d'a augusta Compostela,

E os risoños campos d'o Sar e d'o Sarela,
Teatro noutros tempos d'amores e pracer!...

Teus traxes e costumes n'as populares festas,
Bailes, merendas, runflas, n'as horas de calor,
Á sombra d'os carballos, ou entre as verdes xestas,
Con gaitas e pandeiros e rústicas orquestras,
De primitivas eras recordo encantador.

Parece que inda enxergo, por entre ramalleiras
Travesos estudantes correr e estralouzar
Versos botando e flores às mozas churrusqueiras,
Mentras n'a pobre ermida as nais camanduleiras,
Por un ou dous ichavos o Santo van bicar.

.....
.....
.....

¡Qué terra tan vizosa! ¡Qué pintorescos montes!
¡Qué vales e montañas de máxica ilusión!...
Si derdes algúns pasos, cambiades d'horizontes;
Descúbrense outras veigas, mariñas, ríos, fontes,
Que ò terno vate infunden sublime inspiración.

Os soutos e ladeiras, os máis amenos prados,
As árbores e froitas que acá e alá se ven,
Parece que están fonchos de verse duplicados,
D'os ríos e fontelas n'as aguas retratados
Como un pequeno croquis d'o venturoso Edén.

Ergue esa altiva testa, Galicia, e non t'engruñes:
D'o teu porvir dourado a estrela vay rayar,
D'as armas e d'as letras, tempo é que o cetro empuñes,
Que a terra onde se crian Feijóos e Mendes Nuñes,
D'o mundo n'os destinos gran parte ha de tomar.

O tempo s'apresura... Querida patria, escoita
Ese xemido rouco que racha o aire van...
É'o vapor que chama con violencia moita

A ese porvir xigante que c'o pasado loita,
E a transformar s'apresta o teu fecundo chan!

Serán famosas vilas as que hoxe ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
D'a orela d'o teu manto magnificas preseas,
Serán máis visitados de embarcacións alleas
D'o que hoxe son Lisboa, Marsella e Nova-York.

Maxínome estar vendo os escumosos mares,
Con velas e vapores que cruzan, van e ven,
Mentras por entre soutos, devesas e pinares,
A o son de feiticeiros e máxicos cantares,
Con fouliadas dentro, silbando pasa o tren.

¡Ay, cántas veces, cántas, en noites pracenteiras
A suspirante brisa n'o mar m'arrandeóu,
Cantando barcarolas con lindas compañeiras,
E desde o Ceo a lúa n'as ondas bailadeiras
Os seus brillantes raios de prata esnaquizóu!!!

Galicia d'a miñ-alma, o corazón ch'adora,
Cando n'a oscura noite retrina o ruiñeñol,
Cando entre nubes d'ouro, sorrindo espart'a aurora,
Cando o choroso orballo d'as flores s'evapora,
E cando tra-l'os montes n'o mar se chanta o sol.

¡Adiós, frondosos bosques! ¡Adiós, floridos prados,
Onde en felices días corrín e rebuldey!...
Serenas, claras rías, outeiros perfumados,
Collede os meus suspiros de bagoas salpicados...
¡Lonxe de vos eu morro!!! ¡Sin vos vivir non sey!

Madrid, octubre de 1877.

O RECORDO

A GALICIA

Como un niño de vichelo-crego
Que arrandea entre follas a brisa,
Eu contemplo con maga sorriso
O corruncho onde libre nacín.

Vin de Lisia a encantada ribeira,
As riquísimas veigas d'a Galia,
Os xardíns d'a magnífica Italia...
Como o noso bó chan, nada vin.

¿Onde están as devesas frondosas
E floridos herbales amenos,
En que alegres rebuldan os nenos,
Ou quizáis namorado pastor?...

¿Onde os máxicos valles sombríos
Serpentados de frescos regueiros,
En que están debruzados salgueiros
Convidando a furtiños d'amor?

En ningures s'encontra n'o mundo
Un anaco de terra máis lindo...
Soutos, prados e flores sorrindo
N'os riachos mirándose están.

Penduradas n'as árbores crecen
Doces froitas de rica fragancia,
E con tan asombrosa abundancia
Que os ramallos se pousan n'o chan.

Van às festas de gran romería
Lindas nenas de anxélica cara...
Devoción, alegría, algazara
En confusa mistura alí hay.

A xovial fouliada comeza
D'os feitizos de música e danza,

E entr'amores, loucura e folganza
Como un lóstrego a noite se vay.

¡Qué risoña s'ostent'a alborada
De Galicia n'o puro horizonte!
A laberca trinando n'o monte,
N'o pomar o feliz roisiñol.

N'as ladeiras remedan os ecos
O cantar d'inocentes pastores...
Todo é encanto, suspiros, amores
N'aquel himno d'os campos ò sol.

¡Cántas veces d'as rústicas flores
Respirey os aromas suaves!...
¡Cántas veces n'os bosques as aves
Me saudaron cantando tamén!

E d'amores o peito encendido
Engolfado en tamaña delicia...
¡Qué recordo!... ¡adorada Galicia!
¡Ay!, ti foste meu célico Edén.

Febrero, 18 de 1857.

HIMNO Á AGRICULTURA

(DEDICADO Ó MEU AMIGO J. M. P.)

C O R O

**Traballade, rapaces e nenas,
Para vós o proveito ha de ser,
Tra-l'os días de rudas faenas
Virán noites de folga e placer.**

Cando Dios este noso planeta
Po-l'o espacio guindóu entre soles,
N'un xardín d'arboredas e froles
Puxo a nosos primeiros abós.

E-lles dixo: vivide felices
Entre xogos d'amor e caricias:
Vós farede-l'as miñas delicias
E as vosas si fóredes bos.

Inmortales seredes n'a terra
Como os xenios que están alá arriba;
E comer certa fruta lles priva
Que non sey s'era figo ou mazán.
Por aqueles pomares frondosos
(En coiriños por falta de xastres)
Sin coidar en futuros desastres,
Rebuldaban de tarde e mañán.

Hastra os ánxeles tiñan envidia,
Atisbando d'a célica altura,
Tanto encanto, pracer e ventura,
Q'encerraba aquel máxico Edén.
Mais un día, ¡funesto capricho!,
Lambricaron d'a froita vedada,

E perderon tan rica morada,
A inocencia perderon tamén.

¡Ay!, a terra que d'antes mimosa
De seus amos cumprira os antoxos
Sólo cardos, espiños e toxos
Lles ofrece... ¡desgracia fatal!...
Mais d'o home n'o espíritu arteiro
Un-a idea feliz remoiña,
Que é facer d'esta terra mezquiña
Outro Edén positivo e real.

D'o chan virxe a cuberta rachando,
A montós brotará d'o seu seo
Canto abonde p'ra o noso recreo,
Para noso regalo e pracer.
Desmontemos as verdes ladeiras,
Cultivemos os vales e montes,
Que orballando de ríos e fontes
En fartura nos han de manter.

Baixo a tona d'a terra s'esconde
Un tan rico epreciado tesouro,
Que val máis que a prata e o ouro,
Porque a nosa ventura alí está.
Traballemos con firme constancia;
O traballo e a alma d'o mundo;
É o sopro d'a vida fecundo,
Que solaz e virtudes nos da.

Noxo inspiran n'as grandes cidades
Ledos bailes de libres escenas;
Valen máis as campestres faenas
Que respiran pureza e candor.

Os trafegos d'o campo acabados
D'a restreba, d'a esfolla ou d'a malla...
¡Cómo é grato enredar entr'a palla
Suspirando cantares d'amor!...

¡Cánto é doce n'as noites d'inverno
A o calor d'os tizós d'a lareira,

Escoitar d'a xovial fiandeira
A sentida canción popular!...
Ou pendente d'os labios d'un vello
Admirar as guerreiras fazañas,
E brindar a o compás d'as castañas
Que n'as brasas estoupan d'o lar!...

Pastorciños d'as verdes montañas,
Labradores d'as veigas tranquilas,
Por vós comen cidades e vilas...
¿Qué sería d'o mundo sin vós?
Cando o home e o chan s'emancipen
Desde a serra hasta o valle profundo,
Vós serede-l'os donos d'o mundo
Como nosos primeiros abós.

Madrid, 23 septiembere 1873.

A PANTASMA

Aló n'a alta noite
Cando en silencio dorme o mundo enteiro
Sin qu'en ningures nada máis s'escoite
Que o murmurar d'as augas d'un regueiro
Q'atrasey lixeiro,
Dirixía meus pasos à deshora
A un cimiterio triste e pavoroso,
Para apañar un óso
Según me tiña dito o noso cura,
Qu'era o remedio p'ra olvidar amores
D'un-a rapaza que o meu peito adora
N'aqueles arredores.
A noite estaba escura
Como boca de lobo; non se vía
Nin a punta d'un dedo,
Todo era mudo, silencioso e quedo,
Nin ruxir un-a folla se sentía...
Calquera, menos eu, tuvera medo.
Mais a pesar de ser tan alentado,
Ó saltar o balado
O corazón n'o peito me batía;
O pelo s'arrepía
E n'as pernas sentía algúns tremores.
P'ra dentro entrey, por fin, e às apalpadas
Agarrándom'às hedras
Que pegadas están, de medo, às pedras,
Tripando ortigas, malvas e fiuncho,
Cheguey hasta un corruncho.
Botey-ll'a pouta a un-a calivera,
—¡Ay!, nunca Dios me dera!
Apenas a chisquey, ¡qué carcaxadas
Infernales oín... Logo un difunto
Se me presenta diante
D'hábito branco e vagaroso andar.

Comencey a rezar

Pasiño un **padre-nuestro**; e n'aquel punto
Fixen un circo c'o meu pau d'oliva,
Que xa bendito (por si acaso) iba,
E posto dentro d'el: —Eu te requero
De parte de... —lle dixen tremelando.

El con grave ademán e voz altiva
M'interrumpéu: —¡Ah!, fuxe, temerario;
Non toques nada!... —¿Sí?; eu me retiro—;
E apertey contr'o peito o escapulario
Qu'é d'a Virxen d'o Carmen.

—Pero aténdeme ben; has d'esperarme
N'o muíño d'Añón. —¿Preciso fouce?—
—Non, miserable... ¡vaite!— E doum'un couce,
Como nunca o levey n'a miña vida,
Porq'ó difunto aquel gastaba zocos,
E para despedida
Inda me zorregóu dous soplamocos.

Non parece sinón que po-l'o aire
Tiña chegado ó señalado punto
E cárame o difunto

Que xa ruxindo ven por entr'o millo
Parece qu'inda xa con máis donaire.
¡Cánto me maravillo

Vendo d'aquel pantasma a linda cara,
D'a lúa, que nacía, ó claro brillo!
¡Ay, pecador de mín! ¡quén o pensara!
Era a miña Mingucha en corpo e alma,
C'un-a sábuca cuberta,

Que m'estorbara d'apañar o óso,
Porque non acabase o amor noso.

Pasmado me quedey co'a boca aberta;

Mais ela, qu'era experta,

O pasmo me tiróu c'un doce bico
E ríndose a valer, me dixo: —“Chico,

Xa estás ben castigado...—

Trocóus'o medo en venturosa calma
E entramos n'o muíño, qu'era tarde
Para dormir aquela noite xuntos
Po-l a mor d'os difuntos.

Dend'aquela chuscada,
Non me chamen cobarde,
Pois, sea noite crara ou de tronada,
Si paso ò pè d'o adro ou cimiterio,
Rindo d'o vulgo a van credulidade,
(Con perdón d'o abade)
Quixera ver pantasma —falo serio—
Pois maxinara inda
Ser a miña adorada Mingas linda.

AMOR APRESURADO

SONETO

Miráchesme, miréiche, nos miramos;
Sorrícheste, sorrínme, os dous sorrimos;
N'os nosos ollos nosa imaxen vimos:
Ti n'os meus, eu n'os teus nos retratamos,
Desde entonces d'amor nos abramos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque a paraxes diferentes imos,
Decote n'o camiño tropezamos.
Xa que d'o corazón libres dispomos,
Ós páxaros d'os bosques imitemos,
Que os niños fan entre ramaxe e gomos;
Nosa doce ventura apresuremos,
Que a vida é curta e responsables somos
D'o tempo tan precioso que perdemos.

Coruña, febrero 25 de 1869.

AL. EXCMO. S. A. LEITEIRA

Érgome a o abrir d'o día,
Inda alumea o luceiro,
E en chegando a algún regueiro
Bautizo con agua fría
O leite d'o meu pucheiro,
Porque mellor aproveite.
¿Quén merca o leite?

Madrugueiros estudantes
Hacho ò pasar pol-a veiga,
E detéñenm'os tunantes
Pidindo nata, manteiga,
E que sei eu... ¡badanantes!
Mal fogo de Dio-l'os deite.
¿Quén merca o leite?

Cando eu entro pol'a vila
Todos inda están na cama
En doce calma tranquila,
¿Quén d'o sono os espabila?
Eu que vou chama que chama
Hastra que alguén s'endireite.
¿Quén merca o leite?

E desperta algún señor
Abrazando à compañeira
Entre suspiros d'amor,
Pero gracias à leiteira
Qu'entre seus brazos a estreite.
¿Quén merca o leite?

Corro à vila sin parar
N'a cabeza posta a cesta,
Que relouco por comprar

Un adrezo para a festa,
Figa, rosario e pieite.
¿Quén merca o leite?

Tamén hey comprar xabron
E un-a cartilla de aceite...
Mais, ¡ay!, dou un tropezón,
Adiós figa, adiós pieite;
¡Dios mío!, ¡qué compasión!
¡Adiós adrezo, adiós leite!!!

AL EXCMO. SR. D. FLORENCIO VAAMONDE

MINISTRO DE LA GOBERNACIÓN

Sin amigos de influencia
Para abranguer un destino
Eu mesmo me determino
Recomendarme a Vosencia;
Á sua nobre benquerencia
Miña protección entrego,
Os méritos qu'eu alego
Son ben poucos, ¡ende mal!,
Pero creo que algo val
O ser letrado e gallego.

Por mor de certa rapuxa
Pelengriney por Europa,
Marexaba vento en popa
Pero dixen, ¡ey d'a puxa!,
Xa lle vin o rabo à cruxa,
Ando feito un sapo cuncho,
Vólvome a o patrio corruncho
dond'algún porvir terey
Ou branda cova hacharey
Entre ortigas e fiuncho.

En fresca tarde d'abril
Com'un-a mosquiña morta
Do sol po-l'a grande Porta
Embanastréime en Madril;
Á fusca luz d'un candil
Traballey pra un periódico,
E como o soldo era módico,
Po-l'o meu propio interés
Púxeme a ensinar francés,
Tal é o meu vivir metódico.

Mal que o diga non son toupa:
Parlo un pouco o castellano
O francés e o italiano,
E o portugués xa m'estoupa:
Mais vexo que a miña roupa,
N'estes idiomas todos,
Quer imitar de cen modos,
Meu xenio e charla maldita,
Pois hasta a propia levita
Falando... say po-l'os codos.

Eu tamén son licenciado
En leis: mais ¿qué val o título
Cando nos pòn en ridículo
O rigor d'o negro fado?
Mentras se ve empoleirado,
Aquí, en Londres ou París,
Calquera chisgaravis
D'o presupuesto carcoma,
Sin saber punto nin coma
Por máis que coma ò país.

Eu xa non podo aturar
Mais esta xerga diabólica,
Que para propia bucólica
Apenas me chega a dar:
Se me pudese empregar
Por esa Gobernación.
¡Oy!, si a súa protección
D'o chan m'ha d'erguer en palmas,
Teño de lle dar às almas
Un-a misa con sermón.

Xa abonda, Dios m'o perdone,
De charla e de murmurar,
O qu'eu quixera e topar
Algún porvir que me abone.
¿Qu'importa lostregue ou trone?
¿A min que me vay nin ven?
Si Vosencia quer, moy ben

Pode labrar meu porvir,
E Dio-l'ó deixe vivir
Mais que o gran Matusalén.

Eu teño un San Antoniño
Feito de pau de carballo,
Que cando quer, sin traballo
Milagrea o demoniño;
Atado c'un cordeliño
Desde hoxe está prisioneiro;
El si non for preguiceiro
E d'esta se porta ben,
Terá un-a misa tamén
Con foguetes e gaiteiro.

O MAGOSTO

A noite de San Andrés.
Crara como un-a de bran,
C'un bo rebolo n'a man
E a chupa do rivés,
Eu iba a paso de can.

C'o meu pau à cangalleira,
Caído à teima o chapéu,
Atruxéi de tal maneira
Que tembróu a carballeira
Soando ò atruxo meu.

Aló na beira do río
Oyéuse outro forte atruxo
E dimpóis un asubío:
Era Alberte d'o Carruxo
Que anda de noite ò recío.

Logo que o paso apretey
Hachámonos frente a frente,
Rosmóume, eu tamén rosmey,
Que anque o Carruxo é valente
A min non me pon a ley.

Ancho sombreiro de palla
Con tres buratos n'a copa
Por onde o pelo se'spalla,
Branca cirolas d'estopa;
Tal era a súa pantalla.

N'a man traguía ademáis
Gordo fungueiro d'un carro
Que era furtado quizáis,
N'a boca aceso cigarro
Cuspindo a uso de Cais.

¡Porr!, ¡quén m'a empata, caráu!,
Decía Alberte bruando,
Eu contestéille roncando

Poñendo a xeito o meu pau
E fómonos achegando.
—Farruco! —Alberte! —Logo èlo?
—¡O mesmo! —¡Ay, voto a min!
—¿E de ónde ves, pelengrín?
—D'o moíño d'o Portelo.
—N'o atruxar te conocín.
¿Quén queda aló?
—Miña hirmán, amáis outro fato d'elas,
E Minga túa cormán,
E un bo magosto que fan
Xuntando a o lume as canelas.
¿Vamos aló?
—De camiño.
¿Qué levas ahí?
—É viño.
¿N'esa bota?
—Non te engañas.
Vamos, pois, dame un traguíño.
—Beberálo c'as castañas
Ende chegando a o muiño.

Estaban dentro dous mozos
Rebuldando co'as nenas,
Mentras un-a d'as pequenas
Atizaba con carozos
O lume feito moxenas.

C'os pès, c'un pan e c'as mans
D'aquela n'a porta encobo
Fora!... fora!... os perilláns,
Mirábanse como os cans
Cando senten preto o lobo.

Botando con furia cega
A porta a o chan de contado,
Durante aquela refrega
Un meteuse n'a moega,
Outro sal po-l'o tellado.

Hachamos un-a navalla
Con un cigarro encertado
E un bo sombreiro de palla

De castañas cogulado,
Mesturadas con borralla.

D'a preñada bota muxo
O licor que se consume,
Minga brinda a o seu Carruxo,
Chamándoo po-l'o alcume.

E d'esta sorte pasamos
A noite con grande gosto,
De parolar nos cansamos,
E defuntado o magosto
C'as meniñas rebuldamos.

A fariña se atafega,
Rola o moíño muy quedo
¡Ay!, q'o que está n'a moega
Foise d'as aguas c'o medo.

A DON EUGENIO MONTERO RÍOS

MINISTRO DE G. Y J.

Causa frebe cerebral
Facer versos a un ministro
A quen no se lle quer mal,
Sin saber ben o rexistro
D'o seu carautre xenial.

Fácil fora entrelousar
Máis q'os órganos de Móstoles
D'un Ministro Calamar
Ou d'os dous santos apóstoles
Que fuxiron de Ultramar.

Mais d'o señor de Montero
Cumpridor d'a santa Ley,
Que tanto estimo e venero,
E que non lle encontro un **pero**,
Por onde empezar non sey.

Dis que lle gusta a poesía
(¡A miña e tan estrambólica!)
¿Si será po-l'a elexía
Po-l'a épica ou bucólica
Qu'el ten mayor simpatía?...

Eu, que era tan falangueiro,
Síntome agora tembrando
Cal no aire o lagarteiro,
Com'as follas d'un salgueiro
D'o vento a o suspiro brando.

En fin xa estou n'o Archivo,
Miña gratitú, señor,

Con palabras non describo,
Que é o silencio, orador
Máis elocuent'e espresivo.

Sólo agradecer me toca
O posto que me ten dado
E xa que estóu archivado
Poño o índice n'a boca
Por ser millor rexistrado.

De Londres quixera o Banco
Para poderlle probar
Q'a favores non son manco...
¡Non teño que regalar
Senón os ollos en branco!!!

Mais si fose a terra miña,
Meu querido proteutor,
Podería alí dispor
D'un-a rústica casiña
D'a espesura entr'o verdor.

Alí non se topan, non,
Ricos espellos dourados
De París nin de Londón,
Nin às paredes pegados
Papeles con almidón...

En vez d'esas artimañas
Que son alí contrabando
Vese o cortinaxe brando
Que as industriosas arañas
Decote están frabricando.

Po-l'as rendixas d'as tellas
Entran os céfiros gratos
Fungando po-l'as orellas...
¡Dend'a cama de follatos
Poden contarse as estrelas!

Os seus aromas süaves
Brindarälle a laranxeira;
Uvas e sombra a parreira,
E säudaráno as aves
Cantando n'a carballeira.

A MEU PRIMO PEPE TUÑAS

Se me atopase ò teu lado
En tan pracenteiro día,
¡Qué de cousas che diría,
Primo d'a alma adourado!
Pero quer o duro fado,
Que separados estemos,
E, en semellantes extremos,
Como a mensaxeiro fiel
Eu recurro a este papel,
Que alá vay con cen mil demos.

¡Qué día tan despexado!
¡Dimpóis d'un tempo diabólico
Non terás viño católico,
Nin terás o viño aguado!
Comeredes de pescado,
Xuntando o xantár co'a cea,
Pescada, congro, lamprea,
Linguados, sopa d'ameixas;
E inda ch'an de dar as queixas
S'algúen enfermar c'a chea.

Hoxe, vernes de Dolores,
Debe ser moy triste día;
Mais s'espíñas ten María
San Xosé ten lindas flores;
Pois se gustos e amargores
Praceres e desventuras
Forman, se moito m'apuras,
D'esta vida un pote podre,
Ide metendo n'o odre
As verdes co'as maduras.

Hoxe habría de falar
Tamén de Farruca un pouco
Anque me puxese rouco
De beber e de brindar.
Algo había de palrar
D'o meu primo o vinculeiro,
D'os Tuñas e de Barreiro,
E outro brindis respetoso
Faría por don Froitoso
Meu amigo e compañeiro.

¡Oy!, s'hoxe estivese ahí
¡Por vida de Belcebú!,
Faría à tua salú
Os versos qu'eu fago aquí.
Se por min preguntan, di
que estoupando estóu de forte,
Que vou sahir para a Corte
(Non d'as vacas) de Madril;
E rezade às once mil,
Porque me protexa a sorte.

A O MEU QUERIDO AMIGO

XAN BAUTISTA NEIRA,

SALVADO PROVIDENCIALMENTE D'O DESCARRILAMIENTO
DE VIANA

Maldigo o ferrocarril,
Carro con lume e vapor,
Que cal lóstrego sutil
Arrebata de Madril
O meu amigo millor.

En menos que canta un galo
Anda doce ou vinte leguas...
Eu non son tolo anque calo...
Dentro vay algún cabalo...
Cabalo non, ¡serán eguas!

Ceibando chispas de lume,
Apenas avista a xente
Silba com-un-a serpente;
Roxo,negro e branco fume
E seu respirar ardente.

Entra por montes furados
Onde a luz se enxerga apenas;
E en saíndo a os escampados,
Vense os rapaces e nenas
Como rosas colorados.

Cando un tren con outro tren
S'escorna d'opostos lados,
¡Armase cada belén! ...
E todo-l'os que alí ven
Quedan esfatamiñados.

Por máis que me mordo as uñas,
A endrómena singular
Moito me da que pensar,
Pois si lle marran as cuñas
¿A ónde demos vay parar?

S'algún descarrilamento
Acontece, ¡Dios nos valla!,
Tod'o convoy se esmingalla,
Xente e coches po-l'o vento
Van como frebas de palla.

Alayos, choros, xemidos
N'o medio d'a escuridá,
Rachan a alma e os oídos...
En tan suprema ansiedá
Atolandran os sentidos.

Este faise un-a tortilla,
Aquél po-l'os aires voa
E contra o chan s'escotilla.
Aquél outro s'esnacoa
Saltando po-l'a escotilla.

Outros se ven esmagados,
Cal n'o lagar o bagullo,
E en tan infernal barullo,
¡Cántos quedan enterrados
Debaixo d'aquel entullo!

Nin os combates d'a terra,
Nin as tormentas d'o mar
Me poden facer tembrar;
O que me espanta e aterra
E solo o descarrilar.

Tal peligro m'acobarda,
E acá para min discurro,
Sendo un cacho de alpabarda,
Que viaxar, máis val en burro
Anque sea sin albarda.

Dios te salvó por milagro
Para librar moita xente...
Por ser tan nobre e valente,
Este canto che consagro
Por que me teñas presente.

Vaite a o venturoso chan
D'a encantadora Galicia,
Dichoso con las dulces memorias del hogar, llegó a la vida nueva de aquel centro cultísimo donde chispeaban el afán y el ingenio: trocóse el mozuelo sencillo del campo en travieso estudiante de la ciudad; y bien pronto hallaron eco en él todas las aspiraciones y todos los deseos. Los primeros versos, las primicias de su musa, fueron para Galicia, para la Patria, para el amor de sus amores para aquella pasión, como todas irresistible, avasalladora como todas, y que había de persistir en él toda la vida y trazar en su corazón y en su cerebro huellas eternas.

Pero toda pasión tiene un objeto; todo amor tiene un fin. Y el amor y la pasión del dulce cantor de Galicia buscaban la felicidad del país amado. ¿Cómo llegar a ella? Aquellos cantos de libertad que

sonaban en las aulas de la Universidad, que palpitaban en todos los labios, que parecían llenar todos los pechos, que tenían el atractivo de la protesta, el imán del peligro, que necesitaban las caricias del misterio para hacerse más gratos, eran el camino.

Añón cantó a la libertad: hízose cómplice de las convulsiones políticas, envió sus simpatías más ardientes a los que sabían dar forma a sus deseos y abandonaban la vaguedad de las aspiraciones por las realidades del hecho consumado. Y la sangre de Carral halló en Añón protesta enérgica y viril, digna de él, digna de la idea que a todos era común, aunque revistiese para cada uno formas distintas. Aquel primer esfuerzo del poeta tuvo una doble consagración: la de su espontaneidad en ofrecer ante el altar de la Patria cuanto valía, y la de forjar el primer eslabón de la cadena de sus infortunios, al tener que buscar en suelo extraño la seguridad y el reposo que ya aquí no podía alcanzar.

Algún tiempo permaneció fiel a esos primeros impulsos recibidos; y hubo de repetirse, por iguales causas, el mismo efecto: una protesta le arrojó de Galicia a Portugal y una protesta le expulsó de Portugal alejándole más de Galicia.

¿Fue siempre consecuente con estos principios? Aunque relegando a un segundo término los credos políticos y restableciendo en toda su pureza el entrañable amor a la Patria, no señaló su vida ninguna inconsecuencia; y si las exageraciones, que en estos últimos tiempos tan ardientes apóstoles lograron, no conseguían hallarle propicio, le encontraron siempre afecto todos los ideales de Galicia.

No podrán acusar de infecunda la tarea del poeta los que sometan a reflexivo análisis su obra; antes convendrán en que Añón fue hombre de su época, que no negó ningún esfuerzo de su entendimiento a las aspiraciones del tiempo en que vivió, y que si no alcanzó la gloria del heraldo, tuvo todas las virtudes exigibles al humilde soldado de una idea.

Una circunstancia contribuyó a realzar la personalidad de Añón en aquellos tiempos de revuelta literaria: sus versos gallegos eran, con los de Camino, los únicos que en nuestro dialecto se asomaban a las columnas de los periódicos; y si no los únicos, en la rigurosa acepción de la palabra, seguramente los únicos que pudieran aceptarse como manifestación de la poesía gallega, poco medrada entonces, y los únicos que han conseguido llegar hasta nosotros sin grandes tibiezas en el aplauso.

Y era natural que Añón tradujese al lenguaje materno sus primeras sensaciones; tenía el dialecto, para él, facilidades de expresión que el castellano no le ofrecía. En gallego había pensado Añón hasta entonces y en gallego debía escribir. Cuando, más tarde, la ciencia abrió nuevos horizontes a su entendimiento, cuando ya co-

nocía muchos idiomas, buscaba frecuentemente reposo para las arideces de la filología en las dulzuras y ternezas de aquella lengua con que su madre le arrullara en la cuna y en la que aun le hablaban desde lejos los patrios eidos.

Por mucho que pretendan los prudentes ver peligros en el cultivo y en el culto de los dialectos, no hallará nunca la más exagerada previsión social los medios prácticos de impedir que a la sombra de los castaños de Galicia se infiltre en las venas la ternura de nuestro lenguaje, ni que siga formando los temperamentos vascos la rudeza del vascuence, ni que Cataluña y Valencia salvando las alturas del Pirineo sigan abrazándose, merced a la lengua de Oc, con los trovadores provenzales. Hay tanta candidez en los que fían todo triunfo al desarrollo y al vigor del dialecto, como en los que todo lo temen del crecimiento de las literaturas regionales.

Pero siempre será un hecho incontrovertible que más fácilmente hallan el camino del corazón los poetas regionales, que conocen los secretos de hacerse oír en los rincones más apartados para el movimiento de la vida moderna y hablan al siervo de la tierra su lenguaje propio, que los hombres del siglo, inspirados en los grandes ideales, que cantan sus esperanzas en el lenguaje nacional.

Aguirre Galarraga sería más poeta que Añón en la esfera literaria: juntos florecieron, y aunque fue más breve la vida del ahogado de San Amaro que la del mártir de la tierra castellana, a un tiempo mismo cantaron: y si Aguirre tuvo su enérgico brindis de Conjo, proclamación elocuente de sus anhelos, tuvo Añón sus himnos de libertad tan perseguidos. De Aurelio Aguirre queda dulce recuerdo en las gentes de letras, pero de Añón llevó la fama el nombre a las últimas aldeas, y es hoy entre los elementos sanos que el amor a Galicia congrega bajo el sol de Cuba o junto a las Pampas americanas, un símbolo y un objeto de adoración constante.

No pregunteis en Galicia por las poesías castellanas de Añón: nadie las conoce, nadie las ha leído, muchos ignoran que haya escrito en el idioma nacional; pero todos os hablarán de sus poesías gallegas, elevándolas al nivel de las más altas, de las más hermosas, de las más dignas de eterno recuerdo.

* * *

No es ciertamente rica, juzgada por la cantidad, la obra del poeta: a pesar de los inauditos esfuerzos hechos para recoger su herencia literaria y reunir los dispersos frutos de su musa, se han resistido muchos a toda gestión, y sólo merced a la buena voluntad de los escritores gallegos y de las demás personas cuyos nombres aparecen al final de este tomo, se logró juntar los escasos materiales.

Añón no conservaba, ni originales de sus poesías, ni los periódicos y revistas en que se publicaban: su memoria era su único archivo y a la memoria de muchos que le oyeron recitar sus composiciones se debe haberlas conservado.

Pero aun así, no es tan mezquino el número de poesías que este libro contiene, que no baste para ofrecerlo como prueba de aquella fresca y espontánea inspiración suya, y para que puedan hacerle lugar entre los elegidos esos novísimos pontífices que se contentan tan frecuentemente con una vulgar poesía descriptiva o una traducción más o menos fiel para expedir patentes de poeta a los amigos de la casa.

Entre las poesías gallegas reunidas figuran las más notables de Añón: sus cantos a Galicia, su **Pantasma**, su **Magosto** y muchos de sus intencionados epigramas. Entre las castellanas van también sus himnos y sus delicadísimos madrigales.

La musa de Añón, impregnada siempre del espíritu regional que en él vivía, tiene todas las cualidades esenciales de la genuina poesía gallega: dulce y conmovedora, melancólica y tierna cuando canta las bellezas de la Patria, cuando recuerda los encantos del hogar, cuando expresa los íntimos anhelos del hijo amante y cuando anuncia días de gloria que cree siempre vislumbrar a través de las nieblas del presente; sencilla y natural cuando describe nuestras costumbres; friamente burlona y satírica cuando combate nuestras supersticiones; y socarrona e intencionada cuando juega con los equívocos en las breves líneas del epigrama.

Cuantos hayan oído una sola vez al poeta recitar cualquiera de sus poesías, al leerlas hoy habrán de evocar el recuerdo de aquella tristeza que velaba la luz en sus ojos y parecía temblar en sus palabras; de esa misma tristeza parecen impregnados sus versos todos, aun aquellos en que más risueña y más juguetona se recrea su musa. En estas poesías se refleja la eterna nostalgia del poeta, pero de un modo tal que, casi sin haberle conocido, se adivina, leyéndole, la enfermedad que atenaceó su vida.

La cualidad que resulta tal vez con más fuerza que ninguna otra en sus versos todos es la espontaneidad: escribía poco, pero cuando el deseo propio lograba vencer su indolencia, vertía en el papel las amarguras lentamente saboreadas y para las que el dialecto patrio y el recuerdo de la tierra natal traían calmantes y dulzuras. Atenuábanse sus dolores, los dolores de la ausencia, con sus cantos a Galicia, y no se han de leer nunca sin estremecimientos de placer, por que retratan fielmente las sensaciones de todos los gallegos que viven lejos de la Patria. Esta es la razón de que en América, a donde tantos y tantos gallegos arroja todos los años la crueldad de la vida, sea Añón el más venerado de todos nuestros poetas. Rosalía ha can-

tado todas las tristezas de la Patria, se ha dolido de nuestros males todos, fue la musa popular de nuestros cantares: Curros Enríquez se alzó en la barricada con gritos de protesta, esgrimió el arma vengadora y concitó todas nuestras iras contra los viejos tiranos; pero Añón no cantó las tristezas de Galicia, sino sus propias tristezas, no concitó nuestras iras sino que excitó nuestros amores y alimentó nuestras esperanzas. No señalará, como Rosalía, una época en la literatura gallega; no contribuirá, como Curros, a derribar los falsos ídolos en cuyos altares tantos siglos se quemaron inciensos; pero será siempre, para el gallego ausente, cariñoso amigo que supo sentir y expresar los íntimos pesares comunes a todos los que nacieron bajo el cielo de Galicia.

Tal es la poesía de Añón: poesía que late en todos los corazones, se agita en todos los cerebros y a la que él supo dar forma reveladora de un mal que todos sienten y nadie define.

* * *

Y hemos llegado al final de este trabajo, superior a nuestras fuerzas, y que no sin verdadero sacrificio hemos abordado; ¡tan cariñosa memoria conservamos de la dulce amistad que nos unió al poeta y tan sincero respeto guardamos a su memoria!

Ojalá hayamos logrado dar una ligerísima idea de aquella personalidad saliente; para los que con nosotros compartieron en los últimos años de su vida los afectos de Añón, no ha de ser difícil hallar disculpa a las deficiencias de estas páginas en el temor que todos los discípulos deben sentir al querer analizar la vida del maestro.

Ferrol, 1889.

V. NOVO Y GARCÍA

(Prólogo do libro *Poesías*, de Francisco Añón, editado na Cruña, en 1889, pol-a BIBLIOTECA GALLEGA dirixida por don Andrés Martínez Salazar.)

II

FRANCISCO AÑÓN PAZ

Poucas veces, moi de raro en raro, víronse íren de acordo o pensar da crítica dos eruditos co modo do sentire popular. Verbo d'eso é que se no concepto d'aqueles este poeta galego non enche o posto de un dos primeiros do noso Parnaso, en troques, sendo, tanto na vida como na morte, un dos máis conocidos das nosas xentes, ten para elas a mesma, senón máis grande, merecente sona que calesquer dos millores para os outros. Tan é así que as súas obras están esgotadas e non se da c'un exemprar d'elas por ningures.

Non se poderá endexamáis falar dos poetas galegos sen que teñamos que dar comenzo por Añón, inda que sexan conocidas poucas das moitas poesías que produxo; pero non en balde foi e será un dos nosos vates que máis chegaron ao pobo. O tempo non o fixo esquencer do seu poeta favorito, cuya sona ao contrario, medra máis e máis de día en día.

A popularidade de Añón, como a de outros moitos, préstalle ben pouco á certos entes fracasados, incomprendidos do vulgo según eles din, e teñen aquela, inda que a envexen pol-o calado, como a cousa despreciabre pois según contan á boca chea é maor a popularidade canta maor é a incultura.

Algo da cativreira estima co a que se xusga á Añón, polos moi sabidos, por aqueles que para todo, inda para as letras galegas, botan man de patrós e medidas castelans, foi o se incruíren, entromedias dos seus versos, todol-os que d'él poideron se atopar. Abondan moitos na mentireira creenza de que ao se publicare as obras de un escritor, co gallo de dalas o máis compretas posibre, deben s'emprentaren todol-os seus traballos.

Tamén abondan os que desconocendo o xusto medio e o ambiente no que se movéu o desenvolvemento e progreso da renacente poesía

galega, aprícanlle asímesmo para a crítica un criterio somellante ao que ten de se apricare á unha literatura xa formada e que teña séculos de vida. Por eso o inxusto das censuras á Añón, do que moitas das súas poesías, as máis divulgadas, son as inferiores ou de principiante, inda que xa n-elas xurdan espontáneas a tenrura e a sinxela característica campesina, propia de todol-os iniciadores da restauración literaria galega, que tardan en se desprendere do xeito inxénito e malicioso propio da raza.

Nosoutros temos outra maneira de vel-as cousas á este respeito e somos dos que creen debe de se facer unha boa e ben debida escolleita, malia de que o libro ou libros non medren nas súas follas, pois val máis a calidade que a cantidade, que as tachas de se lle perdoar ao Sol, é por sere éste fonte de calor e vida.

De ahí que lle pasara á Añón o que lle pasou. Ao se coleccionaren as súas poesías, as máis d'élas poden se daren por perdidas para en de sempre xamáis, fíxose oco á tantas cantas poideron se axuntaren, esquencéndose de que non se conservando outros orixinaes máis que á garda da memoria do autor, morto éste e desaparecidos os boletís onde viron a luz os seus versos, tiñan de se resentiren os que d'estos se recolleran, pois de non estaren contrafeitos os faltosos, abondarían en defectos por mal tomadas de ouvido ou por erros de copia.

Se ademáis ben se arropara no tempo en que viviu Añón, o alborrexar do rexurdimento actual das nosas letras nas que foi un dos precursores, e na vida bohemia e aventureira que tanto se aviña co a sua maneira de ser, non deberá ser motivo d'estraneza que se atope unha certa desigualdade nas súas composicións, moito máis tendo en conta que a maoría das que se conservan, pol-o mor das circunstancias porque o poeta pasou na vida, foron fillas do momento e como tales carentes, sea quen queira o poeta que as faga, de toda valoría, véndose, por certo, adicada, ás veces, unha mesma poesía á dúas ou máis persoas.

Pese á todo, Añón, o **Patriarca**, como se lle chamou e sigue se lle chamando, foi, é, e terá de seguire sendo, cada vez máis acrecentado o seu recordo e o seu nome, o poeta popular, o mesmo dos que non abandonamos a nosa meiga terra, que d'aqueles que alonxados d'ela, sinten nas almas mortaes saudades pol-os nativos e amados eidos.

Así vese á cotío como todol-os boletís e total-as **Antoloxías galegas** dan preminente posto aos versos d'este poeta sin que o tempo faga esquencel-o seu nome. Nas **Revistas rexionais** das Américas, ten tamén o seu lugar.

E que Añón é ante todo, e malia á todo, o poeta verdadeiramente enxebre, sendo, por enteiro todo noso e todo do seu terruño. A sua

musa non será a soberba diosa das maxestuosas composicións, mais vese refrexada n-ela a espontaneidade e a saudade; está de cote tan chea da fresca e rescendente poesía popular galega e acugula nas súas composicións tanta tenrura, inxenuidade e humorismo que él, cal poucos o fixeron, acertou á lles dar aos seus versos todo aquel encanto e toda aquela xugosidad que son cal cerne da nosa lírica. Perda grande para esta derradeira foi a da maoría das poesías de Añón. Pol-as contadas que se conocen é de lamentar que o noso Parnaso se non poda envanecer con outras xoyas de tanta valía como **Recordos da Infancia**, tan doces e sentidos, **A Pantasma**, chea de gracia e socarronería, **O Magosto**, cadro típico rebosante de humorismo, e algunhas máis como os celebrados e patrióticos **Himnos** (1) composicións todas que figuran n-este volume.

Entre eles o adicado **A Galicia** que outivo o acésit ao primeiro premio (este quedou deserto) nos xogos froraes da Cruña no ano 1861, o que por certo motivou que Añón escribira unha donosa poesía da que solo recordamos algúns versos soltos.

A nosa fala, n-este poeta, móstrase fluída e correta con toda a súa elegante ductilidade, e toda a súa doce e soave eufonía, libre da irta verba de que outros poetas de máis sona do seu tempo, como outros moitos escritores dos nosos días non acertaron á se libraren, como tampouco se libraron, nin o mesmo Añón, de certos castellanismos que se esculpabres n-aqueles días hoxe non teñen perdón, como tampouco o teñen os que agora convirten o celme da falangureira fala falega, en algo somellante ao chirriar dos carros.

Tantas, cantas máis veces se lean os versos do doce Añón, do **Patriarca**, farán acordaren algo adormexado nos nosos corazóns. E o poeta, agarimoso e vello amigo que préstanos alentos nos nosos amores e espranzas e ao nos falare das súas coitas, danos acougo para as nosas mágoas e os nosos acidumes sintindo sempre co'él, todo canto alegre ou anoitece a alma d'esta nosa patria para que o poeta tiña gardadas no seu peito, todol-os seus querereres, para esta terra na que cobizaba descansar para sempre como nos dí n-un dos seus **Himnos**:

¡Ay! eu tamén quixera dormir no teu regazo
Cando pechando os ollos dixera ao mundo adiós!
Para contigo unirme en máis estreito lazo.

Entromedias das diferencias que se notan na musa de Añón, ten éste sempre para nós un certo meigo encanto nos seus versos, e ora se nos mostra doce, melancónico e tenro ao nos falare dos re-

(1) Por eles foi conocido tamén Añón pol-o poeta dos *Himnos*.

cordos santos do seu fogar, da fermosura da nosa terra pol-a que sempre salaya e á que deseia ver grande e frolecente, ou ora nos cante as nosas vellas tradicións e co'a picaresca e socarrona malicia da xente das nosas campías se bulra das antigas supersticións, ou xa cando nos seus intencionados epigramas que firen cal as abellas, xoga brillantemente co equívoco, vemos sempre n-este poeta, máis do campo que vilán, un grande e verdadeiro poeta galego, á quen ha de chegarlle, máis tarde ou cedo, a hora xusta da reparación para que o seu nome sea grabado con letras d'ouro ao par dos que os teñen nas primeiras ringleiras das follas da nosa historia literaria.

Alentan nos poemas de este poeta o máis intenso amor á terra natal, para a que ansía un porvir glorioso. E o amor sempre arrequecido do fillo para a nai, que tanto máis se ama tanto esté máis alonxada de nós. E dende o estranamento o poeta Añón, échese de saudade e canta súa terra con férvidos anhelos. Esa saudade e ese amor do que ten tan lonxe de él non é senón o refrexo da alma da raza inda que a él se xunten as tristuras e acedumes do poeta.

As súas poesías casteláns non teñen porque se mentaren aquí: mais non estará por máis decire que a tan conocida e popular **El borracho y el eco** foi senón plaxiada, copiada máis d'unha vez e algúns críticos do Centro que non atoparon mérito n-esta poesía de Añón, debulláronse en eloxios d'unha certa poesía francesa, moi celebrada un tempo e que para nós non tiña a gracia e donosura que a do noso poeta, na que somellaba estar inspirada.

Os que así vulgaron esta poesía fixérono por seguir os preceptistas que teñen esta derivación chamada **poesía de eco**, propia dos séculos XVI e XVII, como artificiosa e pueril, quizaves porque algúns dos que a cultivaron, moitos pelengrinos inxenios, non acertaron a lles dar ás súas composicións a gracia, espontaneidade, viveza e naturalidade no diálogo que tanto se remarcan na poesía do poeta galego.

* * *

Francisco Añón Paz, nacéu n'aldea de Boel, parroquia e concello de Outes, partido de Muros, provincia da Cruña, o día 9 de Outono do ano 1812.

Os seus primeiros pasos na vida foron os máis ditosos días do poeta, e d'eles fálanos nos **Recordos da infancia**. Pasounos nos encantadores e nativos eidos dos que os coidados e azares, tíñano de alonxar; mais a visión d'aqueles ardentes paisaxes non se borróu endexamáis dos ollos de Añón.

Estudiou primeiramente no Seminario de Compostela, mais logo deu de lado a carreira eclesiástica e os ideás da fe, víronse trocados pol-os da liberdade; d'este xeito o que nos comenzos cantou a santidad das cousas, rematou, máis que indiferente, sendo incrédulo.

Seguiu na Universidade da mesma Compostela a nova carreira e licenciouse en Filosofía, facéndoo de Xurisprudencia o mesmo ano que o seu grande amigo, o poeta vigués Xosé M.^a Posada, ou sea no ano 1845. Na cibdá compostelán, tomou parte aitivísima no rexurdimento literario de Galicia, e foi un dos fundadores da **Academia Literario-Artística de Compostela**, creada no ano 1840 e que tiña o seu domicilio n-un dos salóns do ex-Monasterio de San Martiño.

Entramentes seguía os seus estudos e vivéu na súa terra, deu a pubricidade moitísimas poesías e numerosos epigramas, máis en galego que en castelán, e os boletís da rexión n-aquel tempo **El Porvenir de Galicia**, **El Idólatra de Galicia**, **La Aurora de Galicia**, o **Recreo Compostelano** e outros de Santiago y **El Centinela de Galicia** da Cruña, honraron as súas columnas cos celebrados versos de Añón que tan popular o fixeron, pois a prensa d'aquela, era moi outra do que é agora.

Tomou parte principal na gloriosa e malfadada revolución galega do ano 1846 e, coma outros máis, víuse obrigado á fuxir á Portugal. Alí redactou na publicación bilingüe **La Revista Peninsular**; mais chegado-os sucesos de D.^a María de la Gloria, o seu **Himno dos povos** fixo famoso o seu nome, e tamén que se vira perseguido e botado fora do país veciño no ano 1850.

Tivo ocasión d'aquela de ver mundo. Como segredario do lord inglés Mr. Shawfordt visitou Francia, Italia e Andalucía, residindo n-esta rexión española coma cousa de tres anos, durante os que publicou algúns traballos nos boletís que n-ela vían luz. N-eles tamén escribía Vicetto, ao que as súas novelas, especialmente **Los Hidalgos de Monforte**, cúa primeira edición é a de Sevilla (1851), comenaban á lle daren merecida sona.

Mais as terras que visitaba Añón, malia de toda a súa fermosura, non eran aqueles meigos lugares, endexamáis esquencidos pol-o errante poeta, aqueles lugares que non tiña xa máis de volver á vel-os, senón cal lostregante visión, e dos que con dôrido acento nos dí n-unha das súas máis sentidas composicións:

¡Lonxe de vos eu morro! ¡Sin vos non sei vivir!

Xa en Madride pol-o ano 1858, e onde a punxante espiña do recordo da amada terra ausente habíalle de inspirar as máis tenras e saudosas das súas poesías, entregouse ao periodismo político, e os acontecementos de 1866, fixérono de novo volver a Portugal. Abríu-

lle as portas da patria a revolución septembrina, e no ano 1869 logrou, por mediación do noso paisano Montero Ríos, un cativo emprego no Ministerio de Gracia e Xusticia, mais víuse logo cesante. Antes de logral-o emprego viviu en Galicia, en Santiago é na Cruña, do 1866 ao 1869, e n-estas dúas vilas escribėu algunhas novas poesías.

Dende 1869 hasta a súa morte viviu a vida de todos os poetas bohemios que non saben outra cousa que facer versos; e Añón seguiu sendo poeta, pero poeta galego.

No ano 1875 constituíuse por varios galegos residentes en Madrid a sociedade chamada **Galicia Literaria**, creada por iniciativa do malogrado Vesteiro Torres.

Foi seu presidente Añón o co'el formaban a directiva os irmáns Muruais e Novo, Luis Taboada, Peña Rucabado e outros.

Nas súas reunións liánse traballos en prosa e verso, que foron reunidos e os orixinás legados a "Biblioteca de Universidade de Santiago".

Cesante, en Madride, comenzan as maores desventuras para o poeta. Outra vez periodista; logo á dare leiciós de idiomas (falaba francés, inglés é portugués), mais tarde vivindo penosamente como intérprete portugués d'un Hotel...

¿A qué seguilo na súa vida dôrida, de acedumes e amargexos?

Vello, doente é pobre pasou por moitas, mais inda tiñan de lle chegaren horas máis amargas. Así e todo o seu humorismo de cote, non o deixou, como pode verse na poesía **A miña enfermidade**, composta pouco antes de s'empeorar; composición na que o poeta se bulra donosamente dos seus males.

Mais cando a mala fada persigue a alguén, como faga n-él presa, non o deixa nin de vivo nin de morto. Así, se fixo dona de Añón.

Viviu os derradeiros dos seus días na casa do seu amigo Romaña, hastra que foi preciso trasladalo pol-o mor d'unha operación quirúrxica a unha sala de pago do Hospital matritense da Princesa onde ficou seus días na cama número 20 da sala de San Lesmes este fillo amante de Galicia, casi no maor dos desamparos, pois hasta no viaxe á súa derradeira morada, foron poucos, contados, dos seus amigos, Montero Ríos e outros varios, os que o acampañaron, pois nin aqueles nin a numerosa colonia galega da Corte, souperon cando morrera, que foi ó 20 de abril de 1878.

¡Pobre Añón! Dormes o sono de paz no patio do Pozo do Cimiterio do Sul de Madride, en terra allea e baixo un ceo que non é o da tua patria; mais se esta inda non recramou teus restos para repousar no seu seo amante cal eran os teus desexos, parez que agora se trata, e queiran os Ceos non quede somentes en iniciativa, de que tan sagrado difunto repouse na amada terra nativa.

Galicia está no deber de honrar a memoria do altísimo poeta, pois non abonda que teña como premio un altar no corazón de todol-os bons galegos, que non se esquencen endexamáis de quen fillo agarimoso, teña seus pensamentos nos eidos ben amados, mais morréu sen ver feito cumprido o tan cobizado sono.

**Mesmo entrar non quixera na Gloria
sin primeiro pasar por ahí.**

III

UXIO CARRE ALDAO

ENSAIOS DE PHISIOGNOMIA

(Prólogo do libro *Poesías galegas*, de Francisco Añón, editado na Cruña, en 1928, pol-a BIBLIOTECA LÍRICA "LAR".)

Este ensaio, como qu'adiviramos a Esco e Arce, está feito por un retrato: o retrato máis popularizado do Poeta dos Rios, feito en dibujo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornais, sempre ben máis coñecido da xente que n'os nosos días p'ouco coñece d'Añón. Anque hoxe co título qu'acostumamos a aplicar o psicarismo, non qu'ila que volven ser traquidos á actualidade.

En a personalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior á que vimos de por? Un certo ver, a obra d'un escritor non é máis qu'algúda parte de sua vida interior qu' se escribiu alí ou se espiou. Un home calquera que poida chegar a expresar, a dicir toda a sua vida interior, está a usar o idioma do mundo. No Ulysses vemos que se quer dicir todo, e a este punto, tamén no Proust. Mais estas son obras de novo tempo. No tempo d'Añón, o escritor non dicía máis qu'aquele que se consideraba digno de ser coñecido de demais. Estaba n'algúda medida dependente do público do qu'el se escribía de novo, e non daba máis qu'unha coñece de seu mundo interior, e que se consideraba importante ou interesante, contrariamente á parecer de Esco. Por outra beira, con de sielle todo segue parecé parecido, como pode facer máis qu'un introvertido, como Joyce ou como Proust; mais Añón era polo contra, un extravertido, como nos ver. Por todas estas razóns, un estudo fisiognómico d'un escritor do tempo d'Añón p'ouco dar que nos ensina un tanto interesante diferente do que vemos de seus escritos.

Veisiqu' temos esta caracterizada e feita toda coñece de Francisco Añón, que logo veremos que non é a vida de Esco e Arce. Inno ver n'el o retrato de Esco e Arce.

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

...de 1878 no 1.º de Janeiro, quando o Sr. ...

III

ENSAIOS DE PHISIOGNOMONÍA

FRANCISCO AÑÓN

Iste estudo, com'o qu'adicasamos a Saco e Arce, está feito por un retrato: o retrato mais popularizado do Poeta dos Himnos, feito en dibuxo e reproducido d'abondo en libros, revistas e xornaes, retrato ben mais coñecido da xente que non os versos xa pouco leídos d'Añón. Anque hoxe, co intrés qu'encomenza a espertar o romantismo, non quita que volvan ser traguidos á actualidade.

Foi a persoalidade interna de Francisco Añón superior ou inferior á súa obra de poeta? D'un xeito xeral, a obra d'un escritor non é mais qu'aquela parte da súa vida interior qu'o escritor atinou a espresar. Un home calquera que poidera chegar a espresar, a dicir toda a súa vida interior, sería o maor escritor do mundo. No **Ulysses** semella que sequer **dicir todo**, e ata certo punto, tamén no **Portrait**. Mais estas son obras do noso tempo. No tempo d'Añón, o escritor non dicía mais qu'aquelo que consideraba dino de ser comunicado ós demais. Estaba n-unha moito meirande dependenza do público do qu'está o escritor de hoxe, e non daba mais qu'unha escolma do seu mundo interior, o que se consideraba **importante** ou **interesante**, contrariamente ó parecer de Ibsen. Por outra beira, eso de **dicilo todo** anque pareza paradoxo, nono pode facer mais qu'un introvertido, coma Joyce ou coma Proust; mais Añón era pol-a contra, un extravertido, com'imos ver. Por todas estas razóns, un estudo fisiognómico d'un escritor do tempo d'Añón poidera dar que nos amostrara un home inteiramente difrente do que revelan os seus escritos.

Veleiquéi temos esta caracterizada e forte testa románteca de Francisco Añón, que logo veremos que non tiña nada de forte... Imos ver n'il o reverso de Saco e Arce.

A fronte outa, botada pra atrás, o narís prominente, a queixada recollida por adiante, co papo pouco acusado, curto e tendendo á vertical, determinan un perfil acusadamente convexo, que denota unha forte masculinidade, un caraute varonil e animoso, optimista e afirmativo. Face carnosa e grandeira, qu'ofrece ô ollar moita superficie, que s'amosta e s'ostenta, e parez franca, apesares de certos siñas de concentración, com'o plegamento das sobrecellas e o bico pechado debaixo do gran bigote. Carauteres todos concordantes, com'os qu'agora imos ver.

A fronte despexada, moi ancha, da que vai recuando o cabelo, que semella levado, pra atrás por un vento de treboada —o vento de que foi xoguete a vida do gran romántico, do gran viaxeiro, que foi un pouco com'as follas secas que cantou Castor Elices, ánimo incerto, que loita desespradamente co-a sorte, que é o vento qu'axita ises cabelos, botados pra atrás, co ise peiteado que n-aquil tempo chamaban á **la Robespierre**, en consonancia co-as ideias do autor do **Himno dos povos**, o qual amosta tamén un bigote castelarino, com'as sobrecellas... Añón tiña un dermatoesquelete republicán... — e rematando abaixo n-unhas sobrecellas crespas e enrugadas, forma a parte anterior d'un cráneo braquicéfalo, de gran desenrolo sobre todo en outura, qu'o faría clasificar decididamente no tipo cerebral, senón fora pol-a importancia que semella ter o diámetro bicigomático, que nos leva a telo mais ben coma tipo respiratoiro. De todol-os xeitos, esta fronte que se vai pra atrás arredándose da vertical, indica o home impulsivo, arrautado, que pensa pouco o que fai, ou que fai mais do que pensa. Xa emprincipiamos a ver que non era Añón un home forte, un home de vontade sostida, senón d'arrautos, de vontade intermitente, d'alternancias d'optimismo e pesimismo, d'iniiativa e pasividade: un ciclotímico.

O tramo meio da face, que corresponde orgánicamente ô peito e metafisicamente ô mundo intermeio ou vital —a vida (curazón e aparato respiratoiro) ten o seu principal asento no peito— ten un desenrolo especial que amosta un esprito inqueda, aventureiro, soñador, utopista: gran diámetro bicigomático, pómulos marcados. Oferce á ouservación, n-iste retrato, carauteres ben dinos d'estudo: tres liñas paralelas descendentes de cada lado da face, que parten do ángulo interno dos ollos, d'enriba das aletas do narís, e dos ángulos dos beizos, e que sucán fundamente as fazulas, marcando os regos da disgracia, do home estragado e traballado pol-a vida, esclerosado, vencido e tristeiro. A carón d'istes tres regueiros das bágoas, pouco fai o narís audaz, cortado na punta, cheo d'acometividade e de grandes ideias; pouco fan ises ollos craros e francos, un pouco saídos pra fora; cheos de confianza e lealdade, que nol-o amos-

tran ademais com'un estravertido, un home dado â vida de relazón e con preocupaciós d'orde social preferentes. Cando surtiu â vida Francisco Añón, era xa un vencido, era xa un home entregado ô fado

qui m'emporte
çá e lá
pareille á la
feuille morte...

que diríamos xuntando a inspiración d'Elices â de Verlaine... Condanadas a morte iban as ilusiós qu'enchían aqueles ollos e aquela fronte manífeca...

Probe Añón! Era todo esprito. O tramo inferior da face, onde s'amostran os apetitos materiás, está n-il caxequ'atrofiado. Ten unha queixada forte, mais retirada e coma posta en derradeiro termo, recollida, domiñada, escurecida pol-a fronte, pol-o narís, pol-os pómulos.

O bico, que se non pode apreciar n-iste retrato, adiviñase sorridente por debaixo do gran bigote de trunfal xoavilidade, igual qu'os ollos qu'aínda queren rir en contra dos sucos de tristura que n-iles comenzan. Denuncian istes carauteres un humorismo confiado e san, verdadeira **bonhomie**, en contraste remarcábele cos plegues preocupados e doorosos do entrecello.

Probe Añón! Non é a sua unha traxedia interior com'a de Saco e Arce, home de firme vontade que se vencía, que s'ollaba a sí mesmo. Non: Añón amóstranos unha sorte de semi-infantilidade sostida moitos anos contra vento e mareia qu'ô fin o venceu. Era un inxenuo; era feble d'alma. Deixábase levar no trebón da vida; era capás de grandes pulos, mais cansaba logo; se non conformaba con soñar o seu soño, e queríao atopar na realidade da vida, e tampouco era forte pra conformar a vida —ô menos a sua vida— ô qu'era o seu soño. Romanticismo dinámico. E, crar'está...

VICENTE RISCO

("Nós", d'Ourense, núm. 51, correspondente ô 15 de marzo do 1928.)

The text on this page is extremely faint and appears to be mirrored or bleed-through from the reverse side of the paper. It is largely illegible but seems to contain several paragraphs of dense, printed text.

IV

LIXEIRA SEMBLANZA DE AÑÓN

N'unha doce mañán do maio léu nas soedades do Retiro de Madrid D. Manuel Murguía **Os Fidalgos de Monforte**, de Vicetto, según él nos di n'**Os Precursores**, onde fai este retrato do famoso escritor ferrolán: "Vicetto era hombre alto y bien dispuesto, aunque de andar descuidado, de rostro varonil y hermoso, de cutis bronceado como las nubes del Tambre en las brumosas tardes de Otoño, de ojos negros, de espaciosa frente; la raza celta no le había dado uno solo de sus rasgos."

Temos, pois, o retrato de Vicetto, mais non temos o de Francisco Añón. Murguía non'os fala de Francisco Añón n'**Os Precursores**. E Añón, emporiso, foi un precursor, mais dino ainda d'este nome que algúns dos que asinala como taes o inequescente patricio D. Manoel.

¿De qué xeito sería Añón? ¿Alto ou baixo? ¿Loiro ou moreno? ¿Belido ou feio? Eu non poden averigualo. Outros quizáis o sabrán. Sin dúbida os familiares de seu e algúns vellos que inda viven, poderían ofrecernos, se cadra, un retrato físico do infelis conterráneo a quen hoxe relembremos; porque o diseño da cabeza do autor da **Pantasma** que nos mostra o ilustre Carré Aldao na escolma dos poemas d'aquél que publicou fai pouco, non di gran cousa sobre do caso.

Nós coñecímolo despois do seu triste pasamento, sin agarimo de ninguén; despois de que

.....morto en Castilla
foi do hospital para a cova
levado n'unha angarilla.

Coñecímolo de capitán da Santa Compañía a través das triadas firentes de Curros, percorrendo os sete vagóns do ferrocarril do

Inferno, “vello, de branca barba, encurvado sobre unha caxata, sufrindo pelresía, c’os ollos grandes de aguia, d’un criticismo infinito, vestindo corozas e monteiras, a cara feita de sol e os cabelos de lua”.

Pro este novo Virxilio do **Divino Sainete**, de Curros, lembrador —pol-a imitanza— d’aquela felis evocación do verdadeiro cisne de Mantua que lle serve de guieiro ô Dante ô longo da **Divina Comedia**, quizáis en vida fose d’outro xeito. Porque, ben sabedes que os poetas e os nenos teñen, com’a tivo o rei Midas, virtude para trocaren mesmo a ruiña escoria en ouro de lei.

De calquer maneira, Francisco Añón, chamado antano o **Patriarca**, é unha das mais interesantes figuras do noso interesantísimo romanticismo. Estudante de disciplinas eclesiásticas e de Dereito en Compostela, alí mostrou a súa acesa i-alma de poeta e xornalista, cando o ausolutismo e a libertade loitaban a eito, disputándose o goberno da España. Añón tomou resolto partido pol-a libertade e a persecución e o desterro foron os premios da súa actitude. Toda a súa vida, pol-as cousas fragmentarias que sabemos d’ela, é unha vida bohemia, azarosa, cheia d’espiñas; pro vida heroica i-exemprar ô fin, porque estivo posta de continuo ô servizo de nobres ideaes.

O que escribiu Curros para sí mesmo, pódesele aplicar tamén a Añón e a outros moitos galegos do seu tempo:

¡Aí do que leva na frente unha estrela!
¡Ay do que leva no bico un cantar!

Posto esto quere decir que os que sintan un ideal —non soementes o desexo de progresos materialistas— e o defendan sin trégoas pondo quentura de poetas no seu espallamento, morrerán, ou como Curros no ostracismo, ou como Añón no leito frio d’un hospital.

Añón ben sabedes que non puido durmir na verde e húmeda terra galega o seu sono derradeiro, inda que cubizaba que asin fose.

Mesmo entrar eu non quero na gloria
sin primeiro pasar por ahí,

dixo n’un dos seus poemas. “Por ahí”, era a patria natal, o “querido corruncho”.

Despois d’andar fuxido por Inglaterra e Portugal —os dous países que tantas veces salvaron ôs nosos loitadores das poutas da tiranía—, despois de que o espulsaron de Portugal, por ter escrito en portugues aquel **Himno dos povos**, que era un canto varil â libertade, despois que como secretario d’un personaxe inglés —xa que coñecía varias linguas— percorreu diversas terras da Europa, e logo de voltar novamente a España facendo periodismo honrado en

Andalucía e na Corte, inda sufríu outro desterro do que se librou ó trunfar a Revolución de Setembre. Entón volveu a Madrid, pero xa canso e sin folgos, para pasar fame, para sentírese orfo de afeutos, para pillar a doencia que o levou ó hospital onde tivo pasamento, en terrible soedade, sin que unha man amiga lle pechara os ollos. Este epílogo tivo a bohemia do noso poeta, cen veces mais aceda que a dos héroes de Murger, e cen veces mais nobre: porque Añón nos loitou pol-a súa gloria d'artista senon pol-o trunfo da liberdade beneficiosa para todos e pol-a redención da terra nativa.

Curros no Divino Sainete pon nos seus labios estas triadas:

.....Morto en Castilla
fun d'o hospital para a cova
levado n'unha angarilla.
Un amigo verdadeiro,
amparo meu moitas veces,
o bon Euxenio Monteiro,
do meu tránsito avisado
iba trás do meu cadavre
mais que eu morto e desolado.
De certo qu'él non soubera
da miña final batalla
a loita sinistra e fera.
Se d'ela eu conta lle dira,
cal me redimiu d'os foros
da fame me redimira.
N'a fosa común collido,
cayeu sobre o morto a terra,
cayeu sobre a terra o olvido.
Y-eu n'aquel silencio manso,
gocei pol-a vez primeira
unha miga de descanso

Do hospital foi para a fosa común o noso poeta; lonxe de Galicia, seguido por un solo paisano —se non minte a referencia de Curros— que se chamaba Montero Ríos. ¡Montero Ríos! Vede aquí outro galego a quen moito combatimos mentras viveu, pero a quen hoxe, xa morto, comparando tempos con tempos, temos que lembrar con agarimo. Porque él, dono d'un rexo espíritu xurídico, renunciou á cátedra que explicaba en Santiago, sufrindo miseria e desterro, cando condenou un goberno ausolutista e reaicionario a liberdade da ensiñanza; ¡belo xesto dos que agora non se ven en ningures! Porque él trouxo á lexislación española cantas institucións democráticas trunfaban na Europa culta, e se non foi sempre o político exemprar que quixéramos, a culpa non cabe botarlle a él. N'un pobo sin senso civil e liberal, n'un país sin pulso, o estadista mais honrado e mais talentudo do mundo, acabaría facéndose cacique. E isto ll'aconteceu a Montero Ríos o único acompañante do cadavre de Añón, d'este noso poeta infelis cuios restos mortaes perdéronse na fosa común, na fosa común que cantou o portugués Guerra Xun-

queiro n'un fermoso poema **A Velhice do Padre Eterno**, dicindo que n'ela quería ser enterrado, cabo dos probes, cabo dos homes sin ventura e sin amigos nin familiares. ¡Verdadeira tumba de poeta!

Non poderemos, pois, como desexábamnos, tragner as cinzas de Añón a un camposanto aldeán e florido da terra galega. Tampoco ô da Cruña, onde atoparía moi boa compañía. Pro, o seu espírito, ten espléndido mausoleo no **Divino Sainete** de Curros. O numen xeneroso do autor de **Aires da miña terra** fixolle o millor homenaxe.

Curros e Añón, almas xemeas, cuías sombras amigas andan a dialogaren pol-os buxos sempre vizosos dos Campos Elíseos, baixo a luz escintilante d'un eterno mediodía, hoxe, como nunca, pensarán que inda non se trocou toda a xuventude de sapos en xuventude d'estrelas; que inda hai mais mocidade sapuda que mocidade estrecente. Y-eu pensando no calvario de Añón, no santo apostolado liberal de Añón, que o levou ô desterro, ô hospital e â fosa común, lonxe dos seus, non teño cara para arrenegar do romanticismo, chamándolle cousa cursi e **demodé**, porque o romanticismo nos trouxo o ideal galeguista, nos trouxo a liberdade actualmente en eclise; e os **ismos** dos que agora se chaman novos e modernos, nin fan santos laicos, nin enervorizan âs masas, nin levan a ninguén pol-o camiño espiñento e cheio de croyos do sacrificio e o desinterés. Abóndalles co'a metáfora pura e co'a imaxen deshumanizada. Non sinten desexos de faceren triadas fungadoras que biquen ond'haxa virtude e firan ond'haxa vicio. Queren facer beleza pra minorías ô marxen da fealdade da miseria e da probeza das maiorías, alleos a esta fealdade, sin termaren de a redimir, atentos â sua sola gloria e ô seu soio proveito. Y-emporiso, meus amigos, eu sigo lembrando con amor ôs románticos e sintíndome tamén un pouco romántico, pensando con Jaurés no arte humanizado e humanitario, n'ese arte que canta os sufrimentos do pobo, levándolles un consolo, unha esperanza e un estímolo para a aición ôs humildes, ôs famentos de pan e de cultura, ôs que esligan co'a sede de xusticia.

¡Benia ôs que, como Añón, non se pecharon na egoista torre de marfil, senon que sintindo os degoiros da terra nai e as ansias de liberdade dos seus compatriotas déronse por enteiro a elas sin pensaren en sí mesmos, despreciando honores e comodidades materiás, escribindo sempre con sangue do espírito e tinguindo c'o roxo zume das suas veas as pedras dos camiños onde seus pes d'apóstoles pou-saban, méntral-os ollos, esquencidos do chán, dirixíanse ô alto para rimaren c'o tremelucir das estrelas os latexos dos seus corazóns!

E mesmo dooroso que inda non se teñan feito as biografías completas e fieles d'estes románticos da nosa terra, que foron místicos da liberdade, vidas exemprares moi dinas de se ofrecerem â consi-

deración de tantos galegos d'hoxe que coidan que abonda c'o progreso material e non sinten, pol-o tanto, o desexo de crebar a lira de torvas cordas na testa da tiranía. Os problemas que preocuparon a Añón, a Vicetto, e moitos mais da súa época, inda non se solucionaron. Ogaño como antaño habería poetas desterrados, si os poetas de hoxe com'os poetas d'onte, foran poetas o mesmo que nos seus libros na súa vida; e si como Dióxenes o grego, preferisen a rayola de sol que é libertade e independencia ós favores e agarimos de reis e oligarcas.

Antes de que o bardo Pondal dixera: "Os tempos son chegados", Añón escribú:

O tempo s'apresura.
Querida patria escoita
Ise xemido rouco
que racha o aire ván.

Y-escoitando ese xemido foi â loita, tendo como premios o desterro, a pelegriaxe por Europa, levando sempre na i-alma, com'a caricola mariña a voz do mare, as lembranzas da súa terra verdecente, a fame, a morte n'un hospital estrano, sin mans amigas que lle pecharan os ollos, e o acochamento do seu cadavre na fosa común d'un cemiterio tan difrente dos cemiterios galegos.

Gloria a Añón, que amén de poeta, foi xornalista, periodista dinc, honra do periodismo galego —coma Curros, coma Faraldo, coma Moreno Astray, coma tantos outros, que ogallá tivesen moitos imitadores entr'os periodistas d'hoxe. ¡Probe Añón, que levando a Galicia tan dentro de sí, morreu tan lonxe da terra galega!

Pois quen queira decatarse ben do ambiente da época na que viveu o noso poeta, que leia a novela de Otero Pedrayo **Os camiños da vida**, que é a millor novela que se fixo en Galicia hasta agora e unha das milliores novelas españolas contemporáneas que non sei por qué na Prensa galega en xeneral non foi loubada ainda canto é merecente de o sere.

O relembarmos hoxe a Añón, por iniciativa da Real Academia Gallega, comprimos un nobre deber patriótico. Nunca se fará vella a socorrida frase de que somentes son dinos de viviren os pobos que se honoran a sí mesmos honorando ós que foron seus grandes homes.

ANTONIO VILLAR PONTE

(Traballo lido no homenaxe tributado no ano 1928 pol-a Real Academia Gallega a Benito Vicetto e Francisco Añón con motivo do cincuenta aniversario do pasamento de tan insignes conterráneos.)

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...
...the ... of ...

A LA REAL ACADEMIA GALLEGA

Aunque ya un contemporáneo y amigo del poeta, Victorino Novo, lo hubiera indicado en el prólogo que en 1889 escribió para el volumen de **Poesías gallegas y castellanas** de Añón, editado por M. Salazar, la Real Academia Gallega estaba en el deber de comprobar de una manera evidente, en esta hora del cincuentenario de la muerte del insigne hijo de Boel, que el cadáver del poeta tuvo su reposo en la fosa común de un cementerio madrileño y que sus restos estaban para siempre e irremisiblemente perdidos.

Era necesario que la gestión se efectuase, buscando un testimonio rotundo e irrecusable con que reforzar el del prologuista de aquel libro. Porque recientemente se han hecho loables campañas estimulando la repatriación de los huesos de Añón, y, como resultado de esas campañas, parecía quedar flotando en el ambiente una duda: la duda de si las Corporaciones representativas del espíritu regional guardaban un deber incumplido y permanecían sordas ante una demanda justísima del país, sabedoras de que allá en un cementerio madrileño estaban en lugar definido, yaciendo bajo memoradora losa, costeada por algunos amigos, los restos de Añón, el poeta que deseaba ardientemente descansar en un rincón de su tierra nativa.

Sébase desde hoy que no es así: sébase desde hoy que el pobre cantor, enamorado de su país, murió en la miseria, de todos abandonado, y su cadáver fue a la común yacija que la caridad ofrece al desprovisto de todo amparo de familia y amistades y compatriotas. Los huesos de Añón, mezclados a los de otros incontables desgraciados, en el gran osario están, imposibles de identificar.

Un gran patriota y distinguido miembro Correspondiente de nuestra Academia, a la vez que ilustre artista, el Presidente del

“Centro de Galicia”, de Madrid, D. Francisco Llorens, hubo de secundarnos con gran acierto y fervorosa devoción, en la gestión que le encomendamos.

De su labor directa y personalmente hecha, en parte, y, en otra, encomendada a un funcionario que inoportunamente la ha hecho pública, hemos obtenido el resultado final, lamentable, triste; esta nota desoladora:

“Ayuntamiento de Madrid.—Dirección de Cementerios.
”Don Francisco Añón Paz falleció el 20 de abril de 1878
”en el Hospital de la Princesa y fue enterrado en el Ce-
”menterio General del Norte, según consta en el Juzgado
”municipal del distrito de Palacio que era al que pertene-
